



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de NOVEMBRO de 2025

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día catorce de novembro de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, a interventora adxunta, Sra. Gómerz Corbal, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(864).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 7 de novembro de 2025 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(865).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “XANTAR NA CASA” (2025-2029). EXPTE. 288647/301.

Visto o informe xurídico de data 28/10/2025 e o informe de fiscalización do 6/11/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 28/10/2025, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. O 15.10.2008 asinouse o «Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Vigo para o desenvolvemento do Programa “Xantar na Casa” no Concello de Vigo» cun prazo de vixencia máximo dun (1) ano, prorrogable.

II. O Convenio, aprobado pola Xunta de Goberno Local (XGL) do 17.11.2008 xunto coas Bases reguladoras do Programa e a súa convocatoria, foi obxecto de diversas prórrogas posteriores, tramitadas e aprobadas pola XGL nos expedientes núms. 47754/301, 57513/301, 68683/301, 78792/301, 88462/301, 101195/301 e 130417/301. A última delas foi acordada, para o periodo 15.10.2016 – 14.10.2017, na súa sesión ordinaria do 07.10.2016. Autorizouse tamén no seu día unha *Addenda* pola que se modificaba a súa cláusula 3ª para permitir un máximo de 120 persoas beneficiarias.

III. Para o periodo 2017 – 2021 asinouse o 30.11.2017 un novo convenio de colaboración entre as partes (Exp. n.º 147839/301) e, posteriormente, no ano 2020 unha *Addenda* que permitiu ampliar o número de persoas beneficiaria deste Programa ata un máximo de 200 (Exp. n.º 208822/301).

IV. No exercicio de 2021 asinouse o último convenio para o periodo 2021 – 2025, vixente ata o 14.10.2025 (Exp. n.º 227337/301). Trátase agora de posibilitar a continuidade do Programa no periodo outubro 2025 – outubro 2029 para 230 usuarios/as. En todo caso, a súa vixencia quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento das partes asinantes para financiar as obrigas derivadas do mesmo.

V. O obxecto deste novo Convenio é, como os anteriores, regular o marco de colaboración entre o Consorcio e o Concello de Vigo para continuar co desenvolvemento do Programa “Xantar na Casa” no periodo 2025 – 2029, co que se pretende *«facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades das persoas maiores e/ou dependentes, que non poden valerse por si mesmas para cubrir as súas necesidades básicas relacionadas coa compra ou elaboración de menús»* (Expoñendo II, Convenio).

VI. Propónse unha vixencia do Convenio de catro (4) anos, tal como permite o Art. 49.h] da LRXSP, prorrogable por outros catro (4) anos mediante acordo expreso e unánime das partes e, en principio, para un máximo de 230 prazas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

Garántese así a continuidade e estabilidade deste servizo ás persoas, que seguirá prestándose ás actuais beneficiarias e a aquelas outras que poidan acceder ó mesmo cumprindo as Bases de selección do programa, que non se modifican.

VII. De acordo coa cláusula sexta do novo Convenio o custo máximo do servizo será de 8,00 € persoa/día. Na data na que este convenio despreza os seus efectos, o custo do servizo de xantar é de 7,32 € por persoa/día, atendendo ó prezo resultante da adxudicación do servizo. Desta cantidade, o Concello de Vigo e as persoas beneficiarias seguirán achegando unha porcentaxe idéntica (o 26,67%) e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar farase cargo do 46,66% restante.

VIII. Para estes efectos, propónse á XGL que autorice o gasto total de 654.810 € con cargo á correspondente aplicación orzamentaria nº 2310.453.90.00 – “*Convenio Xantar na Casa*”. Desta cantidade, imputaríanse 34.983,00 € ó exercicio de 2025 (15.10.2025 – 31.12.2025), 163.702,50 € ós exercicios de 2026, 2027 e 2028 e 128.719,50 € o de 2029 con cargo á mesma aplicación orzamentaria.

Tratándose, polo tanto, dun gasto de carácter plurianual a efectividade das achegas previstas para os exercicios de 2026 e seguintes estará subordinada á existencia de crédito nos orzamentos deses anos (Art. 174 TRLRFL, Base nº 26).

IX. Á vista dos informes emitidos e da demais documentación que consta no expediente de referencia e tendo en conta que na L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, indícase que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela*» e que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o novo «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “XANTAR NA CASA” NO CONCELLO DE VIGO» para o periodo 2025 – 2029, con efectos desde o 15 de outubro de 2025 e ata o 14 de outubro de 2029, prorrogable por acordo expreso e unánime das partes e polo prazo permitido pola lei.

SEGUNDO: Autorizar o gasto total de 654.810 € con cargo á correspondente aplicación orzamentaria nº 2310.453.90.00 – “*Convenio Xantar na Casa*”. Desta cantidade, imputaríanse 34.983,00 € ó exercicio de 2025 (15.10.2025 – 31.12.2025), 163.702,50 € ós exercicios de 2026, 2027 e 2028 e 128.719,50 € o de 2029 con cargo á mesma aplicación orzamentaria; condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos deses futuros

exercicios. Autorízase igualmente a modificación das porcentaxes de imputación presupostaria a teor do Art. 174.3 do TRLRFL, ó abeiro da Base nº 26 das de execución dos orzamentos para 2025.

TERCEIRO: Declarar que as Bases do Programa “Xantar na Casa” aplicables seguirán sendo as vixentes, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 17.11.2008 (Exp. nº 37182/301).

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA XANTAR NA CASA NO CONCELLO DE VIGO

REUNIDOS

Dunha parte, D. Perfecto Rodríguez Muíños, actuando en representación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, na súa condición de xerente, segundo nomeamento do seu Comité Directivo do 12.11.2015 (DOG núm. 221, do 19 de novembro), e mediante delegación de competencias do 9.9.2022 (DOG núm. 180, do 21.9.2022), da Presidenta do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Dña. Fabiola García Martínez, en virtude do previsto no artigo 13 dos Estatutos do Consorcio (DOG núm. 131, do 07.07.2006) de conformidade coas atribucións que lle encomendan os artigos 18 e demais concordantes dos referidos estatutos.

Doutra parte, Dña. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá, de acordo cos Decretos do Alcalde-Presidente de estrutura da administración municipal e delegación de competencias (2023-2027),cos Decretos do 25.09.2025, de delegación de competencias específicas na área de Goberno de Política Social e Participación cidadá (BOPPO n.º 186, do 30.09.2025) e do 20.06.2023, de delegación de competencias xenéricas en concelleiros de Área de goberno e concelleiros delegados (Apdo. Primeiro, Pto. j]; BOPPO n.º 124, do 28.06.2023) e co acordo da Xunta de Goberno Local do 26.09.2025 (BOPPO n.º 188, do 02.10.2025; Apdo. 2º Pto. 17)".

Ambas as dúas partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

I.- Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (en diante o Consorcio), creado en virtude do convenio de colaboración subscrito o 3 de xullo de 2006, ten como misión primordial, de acordo co artigo 6 dos seus estatutos, publicados no DOG do 7 de xullo de 2006, a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local no ámbito territorial dos entes consorciados.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

II.- Que o Consorcio está a desenvolver, de acordo coas súas finalidades e competencias, o programa “Xantar na Casa”, un servizo de comida a domicilio co que se pretende facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades das persoas maiores e/ou dependentes, que non poden valerse por si mesmas para cubrir as súas necesidades básicas relacionadas coa compra ou elaboración de menús.

O programa Xantar na Casa artéllase a través da xestión por parte do Consorcio en colaboración coa Consellería de Política Social e Igualdade e cos concellos consorciados e forma parte do conxunto de servizos promovidos pola Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria dependente desa consellería.

Os obxectivos específicos que se queren acadar son os seguintes:

- Proporcionar aos beneficiarios unha alimentación de calidade e nutritiva, atendendo os casos de xeito individualizado e profesionalizado.
- Evitar o deterioro da calidade de vida das persoas maiores e/ou dependentes por teren unha dieta inadecuada.
- Previr situacións de risco que se poidan producir no proceso de elaboración da comida.
- Facilitar un respiro ás familias e aos coidadores e impulsar medidas de apoio á conciliación da vida familiar e laboral das mulleres.
- Facer un seguimento e acompañamento individualizado de cada usuario/a do servizo por parte dos profesionais que acoden aos domicilios.

III.- Que o Concello de Vigo (en diante o Concello), adheriuse ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio de Convenio asinado con data do 2.02.2007 manifestou a súa vontade de formar parte do programa “Xantar na Casa”, asinando o convenio para o desenvolvemento deste programa no concello con data do 30.11.2017 e, unha vez concluída a vixencia deste, asinou un novo convenio para continuar co seu desenvolvemento con data do 23.12.2021.

IV.- Que con base no anterior, e co fin de continuar o desenvolvemento do programa “Xantar na Casa” no concello, ampliando o número de persoas destinatarias deste, ambas partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar un novo **CONVENIO DE COLABORACIÓN** coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto regular o marco de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Vigo para o desenvolvemento do programa “Xantar na Casa” neste concello.

SEGUNDA.- PERSOAS BENEFICIARIAS DO PROGRAMA

Son beneficiarias do programa “Xantar na Casa” as persoas empadroadas e que sexan residentes no concello e que cumpran os seguintes requisitos:

- 1º) Persoas maiores de 60 anos, que teñan limitada a súa capacidade de autonomía persoal, e sen rede de apoio que puidese suplir tal situación.
- 2º) Persoas dependentes, que carezan de apoio familiar, e requiren de axuda para a preparación de alimentos.
- 3º) Persoas menores de 60 anos en situación de exclusión social, tecnicamente avaliada polos servizos sociais do Concello e sempre que se estea intervindo desde outro programa para resolver a súa situación de exclusión.

TERCEIRA.- INCLUSIÓN DE PERSOAS BENEFICIARIAS NO PROGRAMA

O Concello facilitará ao Consorcio, tras a correspondente avaliación dos Servizos Sociais municipais e aprobación polo órgano competente municipal unha relación dun máximo de 230 persoas beneficiarias do programa, con indicación dos domicilios onde debe efectuarse a entrega, o teléfono de contacto e, no seu caso, a persoa responsable de servir a comida á persoa beneficiaria.

Unha vez iniciada a prestación do servizo, o Concello comunicará ao Consorcio as altas ou baixas das persoas beneficiarias do mesmo nun prazo non superior a 15 días desde o momento en que estas se produzan.

O número máximo de persoas beneficiarias do programa poderá ser modificado por acordo das partes, mediante a sinatura da correspondente addenda de modificación do convenio, atendendo ás necesidades detectadas e á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento das partes asinantes para financiar as obrigas derivadas do mesmo.

CUARTA.- DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA XANTAR NA CASA

O Consorcio desenvolverá o programa “Xantar na Casa” no Concello de Vigo segundo a relación de persoas usuarias facilitada polo concello consonte ao previsto no parágrafo 1º da cláusula anterior. O Consorcio garantirá ás persoas beneficiarias do programa a entrega, cando menos, unha vez á semana no domicilio indicado, do xantar para os sete días da semana durante o período en que se atopen de alta no servizo.

A alimentación dos usuarios será completa e equilibrada, variada e adaptada ás súas necesidades, os seus gustos e hábitos. Todos os menús estarán supervisados por persoas técnicas especialistas en nutrición. Realizarase unha enquisa de calidade con carácter periódico.

O Consorcio facilitará ademais os medios necesarios para o remonte calorífico dos xantares, así como as instrucións sobre o seu manexo e correcta utilización, asesorando presencial e/ou telefonicamente ás persoas usuarias de cantas circunstancias concorran no servizo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, o Concello facilitará ás persoas beneficiarias a información necesaria sobre as características, duración e custo do servizo de xantar, así como todas aquelas indicacións que sexan precisas para a correcta recepción deste.

QUINTA.- OBRIGA DE COMUNICACIÓN RECÍPROCA

O Consorcio comunicará ao Concello calquera incidencia relativa ás persoas beneficiarias que poida producirse na prestación do programa “Xantar na casa”, así como calquera información relativa ao benestar e/ou situación persoal, física, anímica ou social da persoa beneficiaria competencia dos Servizos Sociais municipais.

O Concello está obrigado a informar, así mesmo, ao Consorcio de todas aquelas cuestións relativas ás persoas beneficiarias e que poidan incidir na prestación do servizo.

O Consorcio remitirá ao Concello semanalmente un comunicado onde se consignarán as incidencias que, no seu caso, poidesen presentarse na prestación do servizo.

SEXTA.- FINANCIAMENTO E PAGO

O custo máximo do servizo de xantar será de 8 euros. Na data na que este convenio desprega os seus efectos, o custo do servizo de xantar é de 7,32 euros por persoa e día, atendendo ao prezo resultante da adxudicación do servizo. Do custo do servizo de xantar a persoa beneficiaria achegará o 26,67%, o Concello achegará o 26,67%, e o Consorcio 46,66% restante. As achegas do Consorcio realizaranse con cargo á partida 08.90 312D 228 dos seus orzamentos e as do Concello faranse con cargo á partida orzamentaria prevista para tal fin nos seus orzamentos.

O importe previsto no parágrafo anterior como custo do servizo de xantar haberá de ser obxecto de modificación, de ser o caso, atendendo ao prezo que resulte da adxudicación da contratación do servizo. Esta modificación levarase a cabo mediante a tramitación da correspondente addenda, que se incorporará ao presente convenio co fin de seren concretadas as novas obrigas económicas que se asuman polas partes ao abeiro deste.

Calquera bonificación á parte correspondente á achega do usuario correrá por conta do Concello, con cargo aos seus orzamentos. O Concello deberá comunicar ao Consorcio a contía da bonificación, acordando entre ambas as partes a forma de liquidación da mesma.

O Concello deberá comunicar ademais ao Consorcio todas aquelas subvencións que reciba para o financiamento da súa achega, no que se refire tanto á súa contía como á institución emisora.

O Concello aboará ao Consorcio o importe da súa achega, con cargo á partida prevista para tal fin nos seus orzamentos, cunha periodicidade trimestral, unha vez practicada polo Consorcio a liquidación correspondente ao dito período.

As cantidades que corresponda aboar ao Concello en virtude do presente convenio terán a consideración de débedas vencidas, líquidas e esixibles e poderán ser obxecto de compensación coa participación do Concello no Fondo de Cooperación Local, de acordo co disposto na súa regulación.

SÉTIMA.- SEGUIMIENTO DO PROGRAMA

O Consorcio e o Concello designarán, cada un deles, unha persoa que se responsabilizará do cumprimento da obriga de comunicación recíproca das partes referida na cláusula 5ª deste convenio, e do tratamento e xestión de toda a información relativa ao desenvolvemento do programa “Xantar na Casa”.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, a vixilancia e seguimento do convenio encoméndase a unha comisión mixta integrada polo Xerente do Consorcio e a Concelleira-Delegada do Concello, ou persoas en quen deleguen, que se reunirá cando así se solicite por calquera das partes.

A dita comisión terá como funcións: a coordinación, avaliación, e seguimento das actuacións estipuladas neste convenio, así como a resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do convenio.

OITAVA.- ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e os seus efectos estenderanse desde o 15 de outubro de 2025, unha vez concluída a vixencia do convenio asinado entre o Consorcio e o Concello con data do 23.12.2021.

Este convenio terá unha duración de catro anos. Non obstante, en calquera momento antes da finalización do dito prazo poderase acordar unanimemente por ambas as partes a súa prórroga por un período de ata 4 anos adicionais ou a súa extinción.

A vixencia do convenio quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento das partes asinantes para financiar as obrigas derivadas do mesmo.

NOVENA.- MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN

a Serán causas de modificación do convenio:

- O variación do número máximo de persoas beneficiarias do programa “Xantar na Casa”, de conformidade co previsto na cláusula 3ª do convenio.
- A variación do importe correspondente ao custo do servizo de xantar, nos termos previstos na cláusula sexta do convenio.

As partes asinantes poderán solicitar a modificación do presente convenio e, de acordarse a modificación, esta formalizarase a través dunha addenda ao convenio que será asinada por ambas as dúas partes.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

b Serán causas de resolución do presente convenio:

- O acordo das partes asinantes.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A concorrencia de circunstancias que determinen a imposibilidade de realizar as actuacións previstas no convenio.

No caso de impago dos custos asumidos polo Concello por un período superior a 3 meses, o Consorcio poderá rescindir o convenio, producíndose o cese da prestación do servizo no Concello.

DÉCIMA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implicará relación contractual ningunha entre o Consorcio e o Concello e as persoas que desenvolvan as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento deste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS

O Consorcio e o Concello comprométense a cumprir as medidas de seguridade, en función dos datos que poidan ser cualificados como datos de carácter persoal, segundo a Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais e demais normativa de aplicación.

DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE

O convenio será obxecto de publicación de conformidade co artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e, consonte o previsto no Decreto 126/2006 polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o Consorcio remitirá o convenio ao órgano correspondente, unha vez asinado, para os efectos de inscrición no devandito rexistro.

As partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen neste e mailo resto de especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo as partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que as súas rúbricas deste, de ser o caso, consten nas copias que se remitan para a súa publicación no referido portal.

Terase en conta o establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en especial no que se refire á publicidade do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- CARÁCTER ADMINISTRATIVO DO CONVENIO

Este convenio terá carácter administrativo e rexerase polo establecido nas súas cláusulas, quedando excluído da aplicación da normativa reguladora dos contratos do Sector público agás, de ser o caso, para a resolución das dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse.

As cuestións litixiosas que xurdan con respecto á súa interpretación, modificación, resolución e efectos serán resoltas, en primeira instancia, pola comisión de seguimento. A falta de acordo, someteranse aos órganos da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data que a seguir se indica:

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

3(866).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “SAN SILVESTRE DE VIGO 2025”. EXPTE. 25236/333.

Visto o informe xurídico do 24/10/2025 e o informe de fiscalización do 7/11/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/10/2025, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro delegado, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

1.1.- Con datas 20.10.25 e 22.10.25 a entidade FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO solicitou ó Concello de Vigo unha subvención polo desenvolvemento do proxecto deportivo “SAN SILVESTRE 2025”

1.2.- A solicitude de subvención inclúe un orzamento equilibrado de ingresos-gastos por un importe total de 37.000,00€.

1.3.- Xunto a dita solicitude, a entidade interesada presenta a seguinte documentación:

- Proxecto deportivo da competición
- Certificado de ausencia de débedas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
- Anexos I.1 (modelo solicitude), I.2 (Orzamento de ingresos e gastos) e I.3 (declaración responsable).
- Certificado titularidade conta bancaria.
- Certificado da representación legal da entidade.
- NIF da entidade, DNI do representante legal da entidade.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade converterse en acolledora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo, así como aqueles cunha participación relevante.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

Neste caso, o desenvolvemento na cidade do evento San Silvestre (Carreira Pedestre) ten unha transcendencia moi relevante no ámbito dos eventos de deporte-saúde, tendo en conta a enorme participación e repercusión mediática e social na cidade de Vigo.

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”.

Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento dunha liña de apoio ó desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo, dinamizados por diferentes entidades, e á promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a fomentar o deporte de alto nivel.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados coa saúde e o deporte-ocio.

A subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan (Liña 4-.Fomento actividades sociais-4.5-.Dinamización de eventos deportivos) a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística, creando un entorno de promoción do deporte vinculado á saúde , colaborando no desenvolvemento de programas e eventos de promoción deportiva, entre outras cuestións.

Segundo.- O carácter excepcional da subvención.

O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado pola singularidade do proxecto. Esta subvención, ademais, consta nominativamente na aplicación orzamentaria 3410.4800015 no orzamento vixente da Concellería de deportes.

Terceiro.- O interese público, social, económico o humanitario do proxecto a subvencionar e imposibilidade de convocatoria pública.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de máximo nivel de participación na cidade de Vigo, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva, coa participación de miles de persoas de todos os perfís, dando ó evento un carácter deportivo, lúdico e social.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos da cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva, o que supón un gran valor de carácter público e social.

Estes datos identifican claramente a envergadura do proxecto, cunha repercusión importante e coa presenza dun importante número de persoas tanto da cidade como de outros puntos xeográficos.

Este evento serve de escaparate para a cidade, promovendo obxectivos en liña cos do Concello de Vigo neste ámbito.

As características propias do evento imposibilitan a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, fundamentada, ademais, nos seguintes argumentos:

- Promoción do deporte vigués, favorecendo a consolidación de Vigo como “Cidade do deporte”.
- Fomento de proxectos que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:
 - Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
 - O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
 - Dinamización de propostas de interese de deporte na súa relación coa saúde.
 - Optimización dos recursos que se destinan ó deporte-saúde de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
 - Participación en eventos que potencien a práctica deportiva entre os deportistas vigueses e as deportistas viguesas.

En conclusión, e en relación co anteriormente exposto, considérase acreditado que este proxecto deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, quedando xustificado ademais o seu carácter excepcional, o que fundamenta a proposta de tramitación dunha subvención. Ademais, a proposta de subvención consta nominativamente no orzamento da Concellería de deportes do ano 2025, polo que consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia cuxa concesión canalizarase a través dun convenio cuxo texto se someterá á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

PROPOSTA

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 30.000,00€ a favor da entidade Federación Galega de Atletismo, CIF: G15103500 pola organización da San Silvestre de Vigo 2025 e aprobar o texto do convenio que a regula, anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 30.000,00€ para subvencionar á Federación Galega de Atletismo, CIF: G15103500 pola organización da San Silvestre de Vigo 2025, segundo resulta da documentación do expediente nº 25236-333. Este crédito aplicarase con cargo á aplicación orzamentaria 3410.4800015 do orzamento xeral vixente da Concellería de Deportes.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

SUBVENCIÓN DO CONCELLO DE VIGO A FAVOR DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DA SAN SILVESTRE DE VIGO 2025 (EXPTE. 25236-333).

REUNIDOS

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024)

Doutra, Ivan Pablo Sanmartín Carreira como presidente da Federación Galega de Atletismo CIF: G15103500 e enderezo social en Avenida Glasgow, 13 (15008), en A Coruña, segundo resulta da documentación obrante no expediente 25236-333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto deste convenio é o desenvolvemento na cidade de Vigo do proxecto deportivo “San Silvestre de Vigo 2025” pola Federación Galega de Atletismo, tal como acredita na documentación presentada no Concello de Vigo.

A Federación Galega de Atletismo, propón a celebración na cidade de Vigo da “San Silvestre de Vigo 2025”, un importante evento que converterá á cidade de Vigo, durante a súa celebración, nun centro de atención das carreiras populares.

II.-Que a entidade Federación Galega de Atletismo organizará a San Silvestre de Vigo 2025 na cidade de Vigo, de grande espectacularidade e cunha importante participación e repercusión social.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mocidade teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como "Cidade do Deporte"
- Promocionar o deporte saudable e a loita contra o sedentarismo.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo dispón no seu vixente orzamento o crédito necesario para outorgar unha subvención a favor da Federación Galega de Atletismo por importe de 30.000,00 €, ao constar nominativamente no orzamento da Concellería de deportes na partida 3410.4800015.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, os convenios a través dos que se canalicen as subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade coa propia Lei, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar co financiamento do proxecto de organización e celebración na cidade de Vigo do evento deportivo "San Silvestre de Vigo 2025".

VI.- Que a entidade Federación Galega de Atletismo non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias (Estado e CCAA) e fronte á Seguridade Social, e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e Federación Galega de Atletismo materializan o seu interese e acordan a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Federación Galega de Atletismo comprométese a organizar a "San Silvestre de Vigo 2025" na Cidade de Vigo asumindo a responsabilidade única na organización nas condicións detalladas no proxecto presentado e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin e cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto. As súas responsabilidades incluírán:

- 1º.- Organizar o evento deportivo relativo á carreira San Silvestre de Vigo 2025, obxecto da subvención, asumindo a responsabilidade única no mesmo e garantindo os medios



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

materiais e humanos necesarios para tal fin, cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización do evento deportivo.

3º.-Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos deberán figurar o logotipo do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.

6º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

7º.-Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

8º.- Invitar ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

9º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, deberá figurar nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona do evento, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

10º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc...

11º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

12º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Federación Galega de Atletismo (revista, web, etc).

2º.- Conceder directamente á entidade Federación Galega de Atletismo unha subvención por importe de 30.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4800015 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas ca organización do evento deportivo "San Silvestre de Vigo 2025". A tramitación do pago da subvención realizarase, seguindo o seguinte procedemento:

- Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado trala sinatura do convenio, se a entidade beneficiaria o solicita e mediante transferencia bancaria, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono da subvención, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositará unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.
- O 50% restante da subvención poderá ser abonado, se a entidade beneficiaria o solicita coa data límite do 22 de decembro de 2025, trala presentación de xustificantes acreditativos de gastos do proxecto obxecto do presente convenio por importe do 50% do total da subvención, para o que depositará unha nova garantía por un importe igual á cantidade do novo pago anticipado. Os xustificantes cumprirán, ademais, as seguintes especificades:
 - As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, será necesario que conste de forma expresa que os mesmos foron pagados.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartellaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15.01.25 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as

obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo “San Silvestre de Vigo 2025”.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV, capítulo I, e arts 59, 65, 67, 68 y 69 do capítulo II da LXS e Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 30.12.25 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución e tramitación do procedemento de concesión desta subvención así como o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa de aplicación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto polo Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerase polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo.- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses. A súa modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

Vixésima primeira.- A resolución o acordo de concesión se poderá modificar, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos de subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

4(867).- ACEPTACIÓN DS PROPOSTAS PRESENTADAS NA CONVOCATORIA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON EMPRESAS PRIVADAS PARA DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS DA CABALGATA DE REIS E DO ENTROIDO 2026. EXPTE. 10413/335.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 6/11/2025, asinado pola xefa do Servizo de Festas e conformado pola secretaria de Administración Municipal e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

Administracións Públicas (LPAC)

- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen ánimo de lucro e de incentivos fiscais ao mecenado

ANTECEDENTES

Primeiro.- O servizo de Festas, no exercicio das súas competencias, está organizando os programas da Cabalgata de Reis e do Entroido do ano 2026.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de abril de 2025, aprobou as bases reguladoras das convocatorias de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo (expediente nº 10413/335), entre as que se atopa a Cabalgata de Reis e o Entroido.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 3 de outubro de 2025 aprobou a convocatoria de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para os Programas “CABALGATA DE REIS 2026” e “ENTROIDO 2026”. Esta foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 9 de outubro de 2025.

Cuarto.- Durante o prazo de presentación de propostas recibíronse as seguintes propostas para a Cabalgata de Reis:

ENTIDADE	TIPO DE COLABORACIÓN	VALORACIÓN ECONÓMICA
GADISA RETAIL SLU	ESPECIE -CARROZA + CAMELOS	9.163,00 €
ABANCA CORP.BANC. SA	ESPECIE -CARROZA	15.000,00 €
COTERENA, SLU	ESPECIE: CARROZA+ CAMELOS +ANIMACIÓN	6.000,00€ (carroza)+ 1.000,00 € (animación)
ALCAMPO SA	ESPECIE -CARROZA + CAMELOS	13.750,00 €
VIGUESA DE TRANSPORTES, S.L.	ESPECIE – BUS TURÍSTICO	585,60 €

LA FE PREVISORA COMP. DE SEGUROS, SA	ESPECIE -CARROZA + CAMELOS	18.000,00 €
--------------------------------------	----------------------------	-------------

Quinto.- En data 29 de outubro de 2025, reunidas a Concelleira da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, a Xefa do Servizo de Festas co asesoramento da xefa da área de Contratación e Novos Proxectos, procedeuse ao exame das propostas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Competencias municipais

O artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais. No exercicio destas competencias, o servizo de Festas desenvolve o programa da Cabalgata de Reis e do Entroido 2026, cuxa dotación económica está recollida nos seus orzamentos anuais.

-II-

Da colaboración público privada para a realización de actividades municipais

A Lei 49/2002 prevé a colaboración público privada na posta en marcha de actividades de carácter municipal. Así, o seu artigo 25 o establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades ás que se refire o artigo 16 (entre as que se atopan as entidades locais) a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades.

Esta maior implicación do sector privado en actividades de interese xeral promovidas polas administracións públicas aconsella regular dita colaboración para dotala de transparencia na súa publicidade, acceso e xestión. Por este motivo, o servizo de Festas dende o ano 2017 ven propoñendo a estruturación dun programa anual de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para o desenvolvemento de actividades socioculturais de intereses xeral, a través da redacción dunhas bases para a regulación, programación e ordenación das actividades de carácter sociocultural e de interese xeral que se prevexan



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

realizar total ou parcialmente ao longo de cada exercicio económico, coa fin de dotar de maior transparencia e publicidade todo o procedemento.

A estes efectos a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de abril de 2025 prestou aprobación das bases reguladoras e convocatorias de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo (expediente. nº 10413/335).

As bases reguladoras teñen por obxecto establecer o réxime normativo polo que se regularán os convenios de colaboración empresarial con entidades privadas que poidan ser obxecto de aceptación polo Servizo de Festas da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, dentro do ámbito das súas competencias para a realización de actuacións de carácter sociocultural que persigan fins de interese xeral e que se concretan, entre outros, no programa da Cabalgata de Reis (Anexo I das Bases).

A publicación da convocatoria para o convenio de colaboración empresarial con empresas privadas para desenvolvemento do programa da Cabalgata de Reis e o Entroido 2026 con conteñen a relación de actividades municipais obxecto de colaboración deberá realizarse no último trimestre do ano anterior ao que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración (base SÉTIMA das bases reguladoras).

Publicada a convocatoria no BOPPO e na páxina web municipal, durante o prazo de presentación de ofertas presentaron ofertas GADISA RETAIL, SLU, ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, SA, COTERENA, SLU, ALCAMPO, SA, VIGUESA DE TRANSPORTES, SL e LA FE PREVISORA COMPAÑÍA DE SEGUROS, SA. Reunida a comisión de valoración e acreditado que estas reúnen os requisitos esixidos nas bases que regulan a mesma, esta acorda propoñer á XGL a admisión de todas elas.

-III-

Competencia

A competencia para a aprobación de convenios con outras Administración e entidades públicas e privadas ou adhesión aos mesmos agás que a súa aprobación corresponda ao Pleno, correspóndelle á Xunta de Goberno local por Resolución de Alcaldía de data 20 de xuño de 2023.

-IV-

Proposta de acordo

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local como órgano competente, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Primeiro.- Aceptar a solicitude presentadas na convocatoria de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para os Programas “CABALGATA DE REIS 2026” e “ENTROIDO 2026”, todas elas para a Cabalgata de Reis 2026:

ENTIDADE	TIPO DE COLABORACIÓN	VALORACIÓN ECONÓMICA
GADISA RETAIL SLU	ESPECIE -CARROZA + CAMELOS	9.163,00 €
ABANCA CORP.BANC. SA	ESPECIE -CARROZA	15.000,00 €
COTERENA, SLU	ESPECIE: CARROZA+ CAMELOS +ANIMACIÓN	6.000,00€ (carroza)+ 1.000,00 € (animación)
ALCAMPO SA	ESPECIE -CARROZA + CAMELOS	13.750,00 €
VIGUESA DE TRANSPORTES, S.L.	ESPECIE - BUS TURÍSTICO	585,60 €
LA FE PREVISORA COMP. DE SEGUROS, SA	ESPECIE -CARROZA + CAMELOS	18.000,00 €

Segundo.- Comunicar ás citadas empresas solicitantes a aceptación da súa participación como colaborador na Cabalgata de Reis 2026.

Terceiro.- Unha vez aprobado o presente acordo, deberá asinarse o convenio de colaboración pola Concelleira Delegada da área de Seguridade Contratación Festas e Xestión Municipal e as entidades solicitantes.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(868).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA A RESOLUCIÓN DAS SUBVENCIÓNS PARA FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS PERÍODO 2024-2025 (LIÑA 2). EXPTE. 173/1061.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 07/11/2025, asinado pola xefa do Servizo de Festas e conformado pola secretaria de Administración Municipal e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primero.- A Xunta de Goberno Local na sesión do 20 de xuño de 2025, aprobou as bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para Festas Tradicionais, Patronais, Copatronais, Gastronómicas, Festivais Folclóricos e actividades socioculturais que se realicen entre o 1 de novembro de 2024 ata o 31 de outubro do ano 2025 na cidade de Vigo ao abeiro do expediente 141-1061.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

Segundo.- A entidade ASOC. DE COMERCIALIZADORES DE PESCADO DE VIGO (ACOPEVI)(G36614717) solicitou polo Rexistro Xeral con data 21 de xullo de 2025 acollerse a subvención dentro da liña 1.3 como Festa gastronómica de especial interese.

Terceiro.- As Bases Reguladoras no seu apartado quinto establecen que poderán solicitar subvención as entidades que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo na data na que remata o prazo de presentación de solicitudes.

Cuarto.- Segundo se indicaba no informe do Servizo de Participación Cidadá e desenvolvemento Local do 17/09/2025, a entidade Asociación de Comercializadores de Pescado de Vigo, NON figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións, polo que a Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 10/10/2025 resolveu desestimar a súa solicitude polos motivos expostos.

Quinto.- Mediante escrito do 31/10/2025 a entidade ASOC. DE COMERCIALIZADORES DE PESCADO DE VIGO (G36614717) presenta recurso de reposición contra o devandito acordo, achegando Decreto do 21 de xullo do 2025 do Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Distritos onde se acordou inscribir a ACOPEVI no rexistro Municipal de Asociacións de Vigo co número 1471-25.

Sexto.- Á vista do recurso de reposición presentado, solicítase novamente informe ao Servizo de Participación Cidadá, que o emite con data 05/11/2025, indicando o seguinte:

“En data 17/09/2025 informase que; a Asociación de Comercializadores de Pescado de Vigo con CIF-36614717 non consta no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo.

Solicitado novo informe, con data 4/11/2025 a vista do Recurso de Reposición achegado, comprobouse que constaba un erro na base de datos do Rexistro Municipal de Asociacións concretamente no CIF da entidade, polo que compre rectificar o informe emitido con data 17/09/2025 indicando que:

A entidade Asociación de Comercializadores de Pescado de Vigo con CIF-36614717, figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo có número de Rexistro 1471-25”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

As Bases Reguladoras destas subvencións, no seu apartado quinto, establecen que poderán solicitar subvención as entidades que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo na data na que remata o prazo de presentación de solicitudes.

Dado que o prazo de presentación de solicitudes rematou o 23/07/2025 e que a resolución da inscrición no rexistro municipal de asociacións do Concello de Vigo é do 21/07/2025, procede a admisión do recurso de reposición.

Á vista do exposto, coa conformidade do Concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, faise á Xunta de Goberno local a seguinte,

PROPOSTA

Primeiro.- Estimar parcialmente o recurso de reposición presentado pola entidade ASOC. DE COMERCIALIZADORES DE PESCADO DE VIGO (G36614717), dado que a entidade Asociación de Comercializadores de Pescado de Vigo con CIF-36614717 figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo có número de Rexistro 1471-25, admitindo a trámite a súa solicitude presentada no documento W1336346-2846 e proceder ao seu estudio e valoración.

Segundo.- Notificar o acordo a entidade interesada, con indicación de que contra el poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(869).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “VIGONATURE”. EXPTE. 12989/612.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 31/10/2025, asinado polo director de Réxime Interior de VigoZoo, o xefe de Medio Ambiente e conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. Antecedentes

1.1. O Parque Zoológico Municipal inaugurouse o 18/07/1971. Ao longo da súa historia adoptou as denominacións “Fundación Pública Municipal Parque Zoológico da Madroa”, “Organismo Autónomo Municipal VigoZoo” (carácter administrativo) e, por acordo plenario de 28/04/2003, “Parque das Ciencias VigoZoo”. Por acordo plenario de 26/10/2015 extinguiuse o organismo autónomo e integrouse a xestión na estrutura municipal, adscrita á Concellería de Medio Ambiente.

2. A Xunta de Goberno Local de 12/09/2022 aprobou o Plan de Acción da Axenda Urbana de Vigo. No seu Obxectivo Estratéxico AUE3 prevese, entre outras actuacións, un “Centro de Ocio, Xestión e Divulgación Ambiental Municipal”.

3. O 23/10/2024, solicitouse o rexistro da marca “VigoNature” a nome do Concello de Vigo a cal foi rexistrada oficialmente ante a Oficina Española de Patentes e Marcas baixo o expediente M 4288591, segundo consta na Resolución de Concesión publicada no Boletín Oficial da Propiedade Intelectual (BOPI) o 25 de xuño de 2025 e no correspondente

4. A terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística, en virtude da resolución de delegación de competencia do alcalde de 28/06/2024, BOPPO 09/07/2024), en data



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

12/09/2025, ditou orde de inicio procedemento administrativo de cambio de denominación do servizo.

5. O Director de Réxime Interior de VigoZoo e o xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo redactan o proxecto “VigoNature” de cambio de denominación e definición de obxectivos estratéxicos aliñados co Plan de Acción da Axenda Urbana de Vigo asinado electrónicamente o 31/10/2025. A concelleira delegada de Medio Ambiente e a concellería delegada da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística prestan conformidade a este proxecto coa sinatura electronicamente o 31/10/2025.

II. Síntese do proxecto

II.1.- A memoria xustificativa do proxecto desenvólvese a través dos seguintes apartados:

1. Introducción

2. Antecedentes

3. Argumentacións que xustifican o cambio de denominación

- 3.1. Evolución funcional da instalación
- 3.2. Coherencia coa nova misión institucional
- 3.3. Axuste ás tendencias e estándares internacionais
- 3.4. Mellora da percepción pública e oportunidades de financiamento
- 3.5. Consolidación da identidade local e potenciación do turismo sustentable
- 3.6. Fomento da participación cidadá e da innovación educativa

4. Obxectivos Estratéxicos para a divulgación ambiental.

- Liña 1: Educación e Sensibilización Ambiental
- Liña 2: Conservación e Benestar Animal
- Liña 3: Investigación e Ciencia Cidadá
- Liña 4: Turismo Responsable e Desenvolvemento Local

5. Marco Legal e Continuidade do Marco Xurídico

6. Impacto económico no orzamento

- 6.1. Custes asociados e planificación
- 6.2. Ámbito administrativo e comunicativo

7. Criterios técnicos para a elección da denominación “VigoNature”

7.1 Vantaxes estratéxicas da denominación “VigoNature”

8. Mantemento do uso da infraestrutura municipal

9. Actuacións encamiñadas cara o desenvolvemento de obxectivos estratéxicos aliñados co Plan de acción da axenda urbana de Vigo.

10. Marca e Logotipo

II.2.- A memoria xustificativa do proxecto reflicte a necesidade dunha evolución funcional do Centro, dun modelo clásico de zoolóxico cara a un modelo que, aínda coa existencia de animais, priorice os obxectivos de divulgación ambiental, educación e sensibilización ambiental, conservación e a participación cidadá, fronte á exhibición e xestión directa da fauna.

A nova denominación de VigoNature aliñase co Plan de Acción da Axenda Urbana de Vigo aprobada pola Xunta de Goberno Local do 12/09/2022, que dentro do obxectivo estratéxico AUE3, prevenir e reducir os impactos do cambio climático e mellorar a resiliencia, defínese o reto de adaptar o modelo urbano e territorial aos efectos do cambio climático a través de diversas accións, establece a acción (A03.13) dun Centro de Ocio, Xestión e Divulgación Ambiental Municipal, cara un novo enfoque de sustentabilidade, educación e ciencia cidadá, ao tempo que mellora a percepción pública e o posicionamento institucional e turístico baixo a marca “VigoNature”, facilitando a captación de recursos, alianzas e patrocinios vinculados á conservación e á educación ambiental.

Os obxectivos estratéxicos para a divulgación ambiental concrétnanse nas seguintes liñas de acción prioritarias:

LIÑA 1: Educación e Sensibilización Ambiental

Accións realizadas no propio Centro: elaborar itinerarios didácticos integrados, adaptados aos niveis educativos (infantil, primaria, secundaria e formación profesional).

- Programa Curricular que incide, entre outros programas, no ciclo da auga, a biodiversidade local, a pegada ecolóxica e o cambio climático.
- Formación de docentes e guías: implantar programas de capacitación continua para o persoal interno e o profesorado dos centros colaboradores, asegurando metodoloxías innovadoras (aprendizaxe baseada en proxectos, gamificación).
 - Exposicións temáticas temporais: Organizar, cada ano, polo menos dúas mostras itinerantes que destaquen desafíos medioambientais globais e locais, acompañadas de material interactivo e actividades complementarias.

LIÑA 2: Conservación e Benestar Animal

Adaptar os recintos para proporcionar enriquecemento ambiental avanzado, simular hábitats naturais e fomentar comportamentos propios de cada especie, sendo o benestar animal unha prioridade en liña cos estándares máis modernos de centros de conservación e de educación.

- Programas de recollida de especies exóticas invasoras e centros de rehabilitación de fauna
- Participar activamente en redes europeas de conservación ex situ, con proxectos específicos para especies galegas en perigo (como a lontra ou o visón europeo), definindo protocolos de mellora xenética e liberación controlada.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

Aclarar o papel que seguirán tendo os animais no novo centro. Non se trata de eliminar a fauna, se non de integrala nun discurso máis amplo sobre biodiversidade, conservación e ecosistemas. Os animais poden ser embaixadores dos seus especies e hábitats.

LIÑA 3: Investigación e Ciencia Cidadá

Asinar acordos coa Universidade de Vigo, o CSIC e outros centros de investigación para desenvolver estudos sobre ecoloxía urbana, adaptación ao cambio climático e restauración de hábitats costeiros.

- Plataforma dixital de datos abertos

Crear un portal onde a cidadanía poida consultar e subir rexistros de observación (aves, bolboretas, calidade da auga), contribuíndo a proxectos de seguimento a longo prazo.

- Eventos científicos

Organizar xornadas anuais de investigación e divulgación, convidando a expertos nacionais e internacionais, con sesións prácticas de campo.

LIÑA 4: Actividades de Sensibilización Medioambiental da Concellería de Medio Ambiente

Divulgación das actividades de sensibilización medioambiental da Concellería de Medio Ambiente realizadas no ámbito do término municipal como son a protección sobre o medio atmosférico, o deseño de rutas urbanas a través do programa Camiño a Camiño, o programa de recuperación do sistema dunar do ENIL Vao-Baluarte, o voluntariado ambiental, o programa de hortas urbanas e a protección dos humedais locais.

A memoria xustifica tecnicamente o cambio de denominación a “VigoNature” segundo varios criterios estratéxicos e comunicativos que xustifican a súa elección como nova denominación oficial da estrutura organizativa municipal dentro da discrecionalidade municipal. Dentro destes criterios sinálanse o de claridade semántica, identidade territorial, fonético e multilingüe, continuidade histórica e versatilidade gráfica. Tamén, xustifica os obxectivos estratéxicos para divulgación ambiental coa concreción das liñas de acción.

III.- Impacto económico no orzamento.

O cambio de denominación co desenvolvemento dos obxectivos estratéxicos non implica cambios substanciais no orzamento deste Centro xa que se trata dunha variación de contidos que se encadraría dentro do orzamento ordinario do que dispón o Centro (programa funcional 337.1).

IV.- Fundamentos de dereito

Consta no expediente a correspondente orde de inicio do procedemento e o proxecto técnico xustifica detalladamente as motivacións para cambio de denominación a “VigoNature” na estrutura organizativa da administración municipal de Vigozoo, adscrita á

Concellería de Medio Ambiente, e a definición de obxectivos estratéxicos aliñados co Plan de Acción da Axenda Urbana de Vigo.

A lexislación de réxime local establece a competencia municipal de autoorganización, en concreto, da estrutura organizativa municipal. No presente caso, o proxecto VigoNature, xustificativo do cambio de denominación con definición de obxectivo estratéxicos, é un acto organizativo dentro da discrecionalidade municipal que non altera dereitos de terceiros nin introduce disposicións de carácter regulamentario e tampouco supón un cambio de uso nin unha modificación do marco xurídico vixente e aplicable polo que tendo en consideración a memoria técnica na que se xustifican as argumentacións, obxetivos e criterios que se tiveron en conta para o cambio de denominación de VigoZoo a VigoNature e a concreción de obxectivos estratéxicos, non se observa impedimento legal para aprobar dito cambio.

O cambio de denominación producirá efectos dende o acto da súa aprobación conforme a lexislación do procedemento administrativo local, sen prexuízo da comunicación interna ás distintas Áreas/Servizos municipais para o seu coñecemento e aplicación progresiva na medida que se vaian modificando os documentos administrativos, soportes electrónicos, onde figura a denominación e a súa difusión na intranet municipal.

Segundo sinala a memoria xustifica, co obxecto de garantir a posibilidade de utilización da marca e logotipo institucional “VigoNature” antes da súa implantación definitiva realizáronse os correspondentes trámites ante a Oficina Española de Patentes e Marcas baixo a dirección da concelleira de Medio Ambiente e da Área de Goberno, en virtude da resolución de delegación de competencias do alcalde nos concelleiros do 28/06/2024 (BOPPO 09/07/2024).

En virtude dos tramites realizados, o Concello de Vigo é o titular exclusivo da marca nacional “VigoNature”, rexistrada oficialmente ante a Oficina Española de Patentes e Marcas baixo o expediente M 4288591, segundo consta na Resolución de Concesión publicada no Boletín Oficial da Propiedade Intelectual (BOPI) o 25 de xuño de 2025 e no correspondente Título de Rexistro emitido o 18 de xuño de 2025. A marca foi solicitada na modalidade figurativa, incluíndo elementos gráficos asociados ao logotipo e cores distintivas que xa están implantados na identidade visual do espazo. A súa concesión foi total e afecta ás clases 25, 41, 43 e 44, que cobren legalmente actividades relacionadas con:

- Educación ambiental, talleres e formación (clase 41),
- Restauración e campamentos (clase 43),
- Coidado de animais, horticultura, veterinaria e paisaxismo (clase 44),
- Merchandising e artigos promocionais (clase 25).

A competencia para adoptar o acordo corresponde ó alcalde en virtude do artigo 124.4.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Non obstante, por resolución do 20/06/2023 (BOPPO 28/06/2023), apartado Primeiro, punto 2., delegouna na Xunta de Goberno Local.

Polo exposto, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

V.- Proposta de ACORDO

Primeiro.- Aprobar o proxecto “VigoNature” de cambio de denominación e definición de obxectivos estratéxicos aliñados co Plan de Acción da Axenda Urbana de Vigo, redactado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo e o xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, conformada pola concelleira delegada de Medio Ambiente e pola concelleira desta Área de Goberno, asinado dixitalmente o 31/10/2025.

Segundo. Tomar razón do rexistro da marca “VigoNature” a favor do Concello de Vigo, na Oficina Española de Patentes e Marcas baixo o expediente M 4288591, segundo consta na Resolución de Concesión publicada no Boletín Oficial da Propiedade Intelectual (BOPI) o 25 de xuño de 2025 e no correspondente Título de Rexistro emitido o 18 de xuño de 2025.

Terceiro.- O cambio de denominación producirá efectos dende o acto da súa aprobación conforme a lexislación do procedemento administrativo local, sen prexuízo da comunicación interna ás distintas Áreas/Servizos municipais para o seu coñecemento e aplicación progresiva na medida que se vai modificando os documentos administrativos, soportes electrónicos, onde figure a denominación e a súa difusión na intranet municipal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(870).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA DOTAR DUNHA ESCALEIRA EXTERIOR DE EVACUACIÓN CONTRA INCENDIOS NO EDIFICIO MUNICIPAL DA FACULTADE COMERCIO. EXPTE. 22157/240.

Visto o informe xurídico do 31/10/2025 e o informe de fiscalización do 03/11/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 12/11/2025, asinado pola xefa do Servizo de Patrimonio Histórico, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- O concello de Vigo é propietario do edificio sito no 105 da rua Conde de Torrecedeira que consta de alta no IMBD co número de propiedade 189, baixo a denominación de “Escola Universitaria de E. Empresariais”, e natureza xurídica demanial afecto ao servizo público educativo.

O inmovible racionalista exento con fronte a espazo axardínado na rúa Torrecedeira nº105, proxectado por Jenaro de la Fuente, cunha superficie construída de 3.307,7 m², de baixo andar e tres andares mais, catalogado no PXOM vixente coa protección estrutural. O edificio componse de tres volumes, dous prismas e un cilindro cos elementos compositivos do racionalismo: aperturas en esquina, voos rectangulares, ollos de boi e cubertas planas. O prisma horizontal alberga as aulas, o prisma vertical

aloxa o corpo de escaleiras e no corpo cilíndrico sitúanse a biblioteca e os espazos administrativos.

II.- A Universidade de Vigo é unha institución de dereito público, ao servizo da sociedade, que goza de autonomía e está dotada de personalidade e de capacidade xurídica e de patrimonio propio, e réxese polo establecido na Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia e no Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os seus estatutos.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 27 de xuño de 2016, acordou aprobar definitivamente o prego de condicións administrativas que rexirán a concesión administrativa para o uso privativo pola Universidade de Vigo, do edificio sito no 105 da rúa Conde de Torrecedeira de Vigo (Propiedade no 189 do IMBD), e outorgar a mesma a dita Universidade, de acordo co prego aprobado, por un prazo máximo de dez anos o uso privativo do inmovible, con destino á impartición das titulacións de Grado en Comercio, Máster Universitario en Comercio Internacional e o Master en Dirección de PYMES.

A concesión formalizouse en documento administrativo en data 14/02/2018, xa que logo a concesión finalizará o 14 de febreiro de 2028.

III.- O 7 de abril de 2025, o reitor da Universidade de Vigo, presenta no Rexistro xeral deste Concello solicitude de colaboración acompañada dun borrador de convenio, para a dotación dunha escaleira de evacuación contra incendios no edificio referido, toda vez que carece actualmente dunha infraestrutura adecuada para a evacuación en caso de emerxencia, o que presenta un risco significativo para todos os seus ocupantes. Considera que a instalación dunha escaleira de evacuación contra incendios non só mellorará a seguridade do edificio, senón que tamén cumprirá coas normativas vixentes en materia de seguridade e prevención de riscos.

Preténdese a través do instrumento axeitado (convenio), detallar os compromisos e circunstancias para desenvolver as actuacións necesarias para levar a cabo a construción da escaleira.

Considérase de interese público municipal a execución da obra, habida conta de que a instalación suporá, con independencia do uso, unha mellora para o inmovible, que pasará a adaptarse á normativa vixente en materia de seguridade e de protección contra incendios, e salvagarda a seguridade dos usuarios do mesmo, Seguridade en Caso de Incendio DB-SI e a de accesibilidade DB SUA e Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.

V.- En data 30.04.2025, a Concellería delegada da Área de goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas incoa expediente para formalizar un acordo entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo, a través da sinatura dun convenio cuxo obxecto será a construción dunha escaleira de evacuación contra



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

incendios no edificio de propiedade municipal sito no número 105 da rúa de Torrecedeira, “Escola de Comercio”.

VI.- Remitido borrador de convenio por parte da Universidade, procédese a súa ordenación elaborándose en data 01.09.2025 memoria xustificativa, na que consta aos efectos do disposto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, análise da necesidade do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade así como o contido do convenio segundo previsto na citada norma.

VII.- En data 16.10.2025, a xefa da Área técnica da Xerencia municipal de Urbanismo, emite informe de viabilidade urbanística da actuación consistente en *construir unha nova escaleira, aberta a patio interior, de estrutura metálica e acabados de chapa encartada pintada. O acceso á mesma será desde novos ocos de porta a abrir en fachada, coincidindo con actuais ocos de xanela, que comunican o interior desde vestíbulo de independencia creado tras a reordenación de espazos de aseos. Ademais elimínase o voo da cuberta de panel sándwich sobre o patio, quedando ao descuberto.* A obra responde a necesidade de asegurar as adecuadas condicións de evacuación da edificación establecidas no Código Técnico da Edificación (CTE), aplicando as determinacións do documento básico DB-SI.

Conclúe a técnica municipal que a actuación proxectada encádranse dentro das obras de reforma permitidas na edificación existente, ao tratarse dunha edificación en solo urbano consolidado e destinada sistema xeral de equipamento comunitario público como un equipamento educativo existente SX-EQ-ED-111, e no seu grao de protección estrutural segundo catálogo do PXOM 2025.

VIII.- Financiamento do convenio: o importe do convenio deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento do Concello de Vigo segundo modificación de crédito nº 56 nas modalidades de crédito extraordinario e suplemento de crédito, na aplicación orzamentaria 9330.6320042, ESCALEIRA DE EMERXENCIA ESCOLA DE COMERCIO do orzamento municipal 2025 .

Así as cousas, partindo do interese público do obxecto do convenio, por parte da Concellería da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e Relación coas empresas, Turismo e Xuventude, e para o caso de que a Xunta de Goberno local ratifique a apreciación do interese público, fórmulase a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo para desenvolver as actuacións necesarias para levar a cabo a construción dunha escaleira de evacuación contra incendios no edificio de

propiedade municipal sito no número 105 da rúa de Torrecedeira, “Escola de Comercio”, que de seguido se transcribe como Anexo I.

Segundo.- O concello de Vigo, segundo obrigas do convenio, comprométese a construír a citada escaleira de evacuación contra incendios cuxo orzamento de execución e dirección facultativa é de 133.781,49 euros con cargo á aplicación orzamentaria 9330.6320042.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO, PARA A DOTACIÓN DE ESCALEIRA EXTERIOR DE EVACUACIÓN CONTRA INCENDIOS NO EDIFICIO DA FACULTADE DE COMERCIO (SEDE CIDADE)

REUNIDOS:

Dunha parte, o Concello de Vigo, e no seu nome e representación don Abel Ramón Caballero Álvarez, actuando en calidade de alcalde da cidade de Vigo nomeado na sesión constitutiva do Pleno de data 17 de xuño de 2023, en exercicio das atribucións conferidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local e polo artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

E doutra parte, a Universidade de Vigo con NIF Q8650002B, representada neste acto polo seu Reitor, D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, no exercicio das facultades que ten conferidas polo artigo 29 do Decreto 13/2019, de 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo.

Recoñecéndose as partes a capacidade legal suficiente para subscribir o presente Convenio, na representación na que interveñen:

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- O Concello de Vigo é propietario do edificio sito no 105 da rúa Conde de Torrecedeira coñecido como “Escola de Comercio”, de natureza xurídica demanial afecto ao servizo público educativo, cuxo uso privativo gratuito a prol da Universidade de Vigo acordouse pola Xunta de goberno municipal do Concello de Vigo en sesión do 27 de xuño de 2016, con destino á impartición das titulacións de Grado en Comercio, Master Universitario en Comercio Internacional e o Master en Dirección de PYMES.

Segundo establece a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Concello de Vigo ten competencias sobre a infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade pro, concretamente nas materias recollidas no artigo 25, apartados:

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade

m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

SEGUNDO.- Que o Concello de Vigo ten interese na mellora do edificio dotándoo das medidas de seguridade necesarias que respondan á normativa vixente en materia de seguridade e de protección contra incendios, así como á salvagarda a seguridade dos usuarios do inmovible.

TERCEIRO.- A Universidade de Vigo é unha institución de dereito público, ao servizo da sociedade, que goza de autonomía e está dotada de personalidade e de capacidade xurídica e de patrimonio propio, e réxese polo establecido na Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia e no Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os seus estatutos.

CUARTO.- Que o artigo 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establece que as Administracións públicas e os seus organismos públicos, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público, que deberán mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

QUINTO.- Con data 14 de febreiro de 2018, O Concello de Vigo e a Universidade de Vigo asinaron un convenio de cesión da Escola de Comercio na Rúa Conde de Torrecedeira polo que o Concello de Vigo outorgaba á Universidade de Vigo unha concesión administrativa de uso privativo do edificio sito no nº 105 da Rúa Conde de Torrecedeira por un prazo de 10 anos

Con data 23 de agosto de 2018, o servizo de prevención alleo da Universidade de Vigo redacta un Informe de deficiencias detectadas no Plan de Autoprotección do edificio da Facultade de Comercio. No devandito informe indícase que a escaleira do edificio non é adecuada para soportar o fluxo teórico de persoas durante a evacuación do edificio e evacuación e recomenda construír unha escaleira externa para facilitar a evacuación das plantas segunda e terceira do edificio.

SESTO.- As partes consideran de interese xeral a colaboración que permita levar a cabo a intervención no edificio da Facultade de Comercio que inclúe as melloras para dar cumprimento a normativa de Seguridade en Caso de Incendio DB-SI e a de accesibilidade DB SUA e Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade

En consecuencia, de conformidade co exposto, as partes asinantes, acordan formalizar o presente Convenio, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. - OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo para dotar de escaleira exterior de evacuación contra incendios ao edificio da Facultade de Comercio.

SEGUNDA. - OBRIGACIÓNS E COMPROMISOS ECONÓMICOS ASUMIDOS POR CADA UNHA DAS PARTES

a) Obrigacións por parte da Universidade de Vigo.

A Universidade de Vigo aportará o Proxecto de Execución e a autorización da Consellería competente en materia de Patrimonio Cultural para o citado proxecto.

O custo do proxecto aportado pola Universidade estimase en 6.000€.

Comprométese asemade a presentar a documentación completa do proxecto necesaria para a súa aprobación por parte do Concello e licitación das obras de acordo coa normativa de redacción de proxectos en vigor.

b) Obrigacións por parte do Concello de Vigo.

O Concello de Vigo desenvolverá as seguintes actuacións:

- aprobar previos informes preceptivos, o proxecto de execución da escaleira e demais documentos técnicos necesarios para a súa construción (estudio de seguridade e saúde, estudo xeotécnico e demias)
- tramitar o procedemento de licitación pública para executar as obras de construción da escaleira
- asumir os custos de execución das obras
- asumir a Dirección facultativa da execución da obra, e coordinación de seguridade e saúde

TERCEIRA. – FINANCIACION

3.1 A Universidade asume os custos de redacción do proxecto, estimados en 6.000€

3.2 O Concello de Vigo asume os custos da construción e dirección facultativa das obras, que se estima a seguinte:

Execución das obras

Presupuesto de ejecución material (PEM)

13% de gastos generales

6% de beneficio industrial

Presupuesto de ejecución por contrata (PEC = PEM + GG + BI)

21% IVA

Presupuesto base de licitación (PBL = PEC + IVA)

Dirección facultativa+ seguridad y salud

88.500,24

11.505,03

5.310,01

105.315,28

22.116,21

127.431,49

6.350

CUARTA.- SEGUIMIENTO E XESTIÓN DO CONVENIO.

Para velar polo cumprimento das obrigacións asumidas polas partes, así como pola correcta execución das actuacións recollidas no presente Convenio, crearase unha Comisión de Seguimento formada polos dous representantes de cada unha das partes, ou persoas que estes designen:

- Por parte de Concello de Vigo:
 - Dous Técnicos municipais, nomeados ao efecto por parte da Concellaría responsable de Patrimonio e/ou persoas en quen estes deleguen.
- Por parte da Universidade de Vigo:
 - Dous responsables da Universidade de Vigo nomeados ao efecto e/ou persoas en quen estes deleguen.

A Comisión de Seguimento asumirá as seguintes funcións:

- a) Levar a cabo o seguimento das actuacións incluídas no presente Convenio.
- b) Informar o desenvolvemento das actuacións do Convenio.
- c) Promover a coordinación necesaria para a realización de estudos, desenvolvendo cantas accións estímense necesarias e oportunas para a consecución dos obxectivos do Convenio.
- d) Velar polo cumprimento dos prazos que se fixen.
- e) Resolver as cuestións que se susciten na interpretación e cumprimento do presente Convenio.
- f) Informar as partes dos atrasos e incidencias que se poidan presentar durante a execución do convenio, propondo, no seu caso, os axustes necesarios na execución.

Os membros da Comisión, ou persoas que estes designen, reuniranse polo menos unha vez ao ano, co obxecto de valorar os resultados da proba piloto, adoptándose os acordos que procedan por unanimidade dos membros.

A Comisión reunirse periodicamente, cando o requiran os asuntos a tratar ou o solicite algunha das Partes, cunha antelación mínima de 7 días.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

Á devandita Comisión poderanse incorporar, por acordo das partes, técnicos do Concello de Vigo e da Universidade de Vigo, cuxa presenza se considere conveniente para o cumprimento das funcións que a Comisión ten encomendadas.

A Comisión de Seguimento poderá delegar nunha Subcomisión Técnica designada ao efecto, o estudo dos aspectos técnicos pertinentes dos estudos e Proxectos, reservándose en todo caso a decisión final sobre os mesmos.

A representación do Concello de Vigo presidirá a Comisión de Seguimento do Convenio.

As copias das actas das reunións desta comisión, así como os documentos ou informes que se emitan no desenvolvemento e execución das funcións asignadas á comisión, serán remitidas aos representantes de cada unha das partes ou a quen estes designen.

O réxime de funcionamento da Comisión axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público ou lexislación que en diante lle substitúa.

CUARTA. - CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

As Partes comprometeranse a manter o criterio de confidencialidade de todos os datos e informacións intercambiados entre elas e que sexan concernentes ao obxecto do convenio, debendo as Partes manter dita información en reserva e segredo e non revelala de ningún xeito, en todo ou en parte, a ningunha persoa física ou xurídica que non sexa parte do convenio, tanto durante o prazo de vixencia do convenio, como despois do seu expiración.

Así mesmo, e con excepción do establecido expresamente no presente Acordo, as Partes obríganse a manter a máis estrita confidencialidade respecto ao intercambio de información, comprometéndose a adoptar todas as medidas que sexan necesarias para asegurar o cumprimento desta obrigaición polos seus respectivos empregados e/ou colaboradores.

As Partes acordan nin divulgar a ningún que non necesite coñecer esta información para o cumprimento do devandito Acordo.

As Partes deberán previamente dar a súa autorización á hora a súa divulgación, notas de prensa, etc. Os datos persoais tratados no presente convenio serán tratados por cada unha das partes conforme ás disposicións do Regulamento Xeral de Protección de Datos (UE 679/2016) e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía de Dereitos Dixitais. Cada unha das partes será responsable do tratamento dos datos persoais solicitados da outra parte, figurando a súa identidade, datos de contacto e representante no encabezamento do contrato. A finalidade do tratamento é a xestión e execución do contrato conservándose os datos durante a vixencia de leste e o tempo posterior que sexa legalmente necesario. Os datos poderán ser comunicados a Autoridades para cumprir coas obrigaicións legais derivadas do contrato.

Infórmase aos interesados do seu dereito a solicitar o acceso aos seus datos, rectificación, supresión, limitación ou a oporse ao tratamento, así como o dereito á portabilidade dos datos, cando cumpra, dirixindo un escrito acompañando unha fotocopia do Documento Nacional de Identidade ou outro homólogo (NIE) con asunto Protección de Datos ás seguintes direccións:

Para Universidade de Vigo:

- Dirección postal: Edificio Exeria, Praza Erasmo, s/n - Campus Universitario As Lagoas Marcosende, 36310 Vigo.
- Dirección de correo electrónico: dpd@uvigo.gal

Para o Concello de Vigo:

- Dirección postal: Praza do Rei, 36202 Vigo
- Dirección de correo electrónico: informatica@vigo.org

Así mesmo, os interesados terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, cando entendan que se vulneraron algún dos seus dereitos ou se trataron os seus datos de forma ilexítima.

Os interesados poderán dirixirse ao Delegado de Protección de Datos de cada un dos responsables, no caso de que o tivesen, contactando por algún das canles máis arriba indicadas.

QUINTA. - VIXENCIA E DURACIÓN.

O convenio entrará en vigor na data da firma do mesmo e terá vixencia ata a recepción das obras recollidas neste, sendo o prazo máximo o de dous anos podendo ser prorrogado por mutuo acordo entre as partes antes da súa finalización para dar cumprimento á finalidade nel establecida.

SEXTA. - RÉXIME DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO

A modificación dos termos do presente Convenio e/ou a prórroga da súa vixencia requirirán o acordo unánime das partes mediante a subscrición da correspondente adenda modificativa.

SÉTIMA. - CAUSAS DE EXTINCIÓN.

O presente Convenio extinguirase, ademais de por o cumprimento ou conclusión de todas as actuacións contidas no mesmo, por algunha das seguintes causas de resolución:

- Polo transcurso do prazo de vixencia do presente Convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- Por mutuo acordo das partes, do que quede a debida constancia en documento elaborado ao efecto.
- Por incumprimento por calquera dos asinantes das concretas obrigacións establecidas neste Convenio, previamente posto de manifesto mediante comunicación escrita fehaciente, e cun prazo de antelación de, polo menos, un mes, pola parte a quen lle prexudique.
- Para ese efecto, fíxase como criterio para determinar as posibles indemnizacións, os custos nos que incorrese a parte prexudicada no momento en que se produza o eventual incumprimento.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do presente Convenio.
- Cambios na lexislación que contraveñan o contido do presente convenio.
- A forza maior que impida o cumprimento do seu obxecto.

En caso de extinción por causa diferente á conclusión das actuacións obxecto do presente Convenio, a Comisión de Seguimento propondrá as condicións para a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas nos termos establecidos no artigo 52.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Resolto o Convenio por calquera causa, todos os dereitos e obrigacións nacidos con anterioridade á extinción do mesmo serán liquidados e cumpridos por todas as partes, sen prexuízo dos dereitos e obrigacións que resulten da devandita extinción para as mesmas, conforme á Lei, ou ao disposto no presente Convenio.

OITAVA. - RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN.

O presente Convenio ten carácter administrativo e estará suxeito á normativa administrativa en vigor, sendo de aplicación, en todo o non previsto no mesmo, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público ou lexislación que en diante lle substitúa.

As partes acordan que as cuestións que poidan xurdir na interpretación e/ou cumprimento do presente Convenio serán dirimidas no seo da Comisión de Seguimento.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no cumprimento do presente Convenio se someterán á orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

E en proba de conformidade, asínase o presente documento, por duplicado exemplar, no lugar e data do encabezamento.

8(871).- PROPOSTA PARA APROBACIÓN DO “XII PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA”. EXPTE. 12750/307.

Visto o informe xurídico do 28/10/2025 e a dilixencia de Intervención Xeral do 07/11/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 28/10/2025, asinado pola xefa do Servizo de Patrimonio Histórico, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Por delegación do alcalde de 28/06/2024 das atribucións específicas nos/as diferentes concelleiros/as, a Primeira teniente de alcalde e concelleira delegada da área de goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade conta entre as súas competencias a de “a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución das actividades artístico-culturais do programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública e actuacións sobre os espazos libres que conforman a paisaxe histórica urbana”.

Neste marco, a concelleira delegada, por resolución do 24 de outubro de 2025, inicia expediente para desenvolver o XII programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana e someter a aprobación da Xunta de Goberno Local tanto o programa como as súas bases.

O obxectivo principal desta actuación é acometer un conxunto de accións impulsadas dende Concello cara a mellorar a imaxe urbana da cidade e que o tratamento dos paramentos exteriores visibles dende a vía pública contribúa ao realce da paisaxe e do noso patrimonio.

As edicións anteriores do programa desenvolvéronse nos anos 2015, 2016, 2017, 2018, 2019, 2020, 2021, 2022, 2023, 2024 e 2025, e contaron cunha importante participación cidadá e coa colaboración de institucións educativas e asociacións culturais.

O obxecto do DUODÉCIMO programa é :

- tratar con pintura ou murais decorativos as medianeiras das edificacións, isto é, aquelas superficies verticais que se sitúan sobre lindeiros da parcela que non reúnen a condición de aliñación oficial e son cegas, así como aqueles paramentos exteriores cegos visibles dende a vía pública tanto de titularidade pública como privada.
- embelecer, decorar, tratar con expresións artísticas os espazos libres de titularidade pública co fin de mellorar a paisaxe urbana.

- expoñer e ademais difundir a obra de artistas urbanos representantes do novo arte contemporáneo.
- coa colaboración dos colexios e institutos da cidade decorar aqueles paramentos exteriores cos debuxos do alumnado que un equipo de traballo especializado, seleccionado pola concellería, dirixirá o seu traslado aos muros do centro educativo.
- durante a execución do programa desenvolver en toda a cidade unha serie de actividades artístico-culturais: talleres de pintura na rúa, performances, actividades musicais ou calquera outra manifestación artística con recursos plásticos, lingüísticos ou sonoros.
- que a cidadanía poida desfrutar libremente das expresións do arte contemporáneo.

O propósito da convocatoria é contribuír ao proceso de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, mellorar a calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto da cidadanía e dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos nas súas diversas disciplinas coma o postgraffiti, o pop surrealista, o cómic...

Nesta edición, continuadora das anteriores, desenvolveranse entre tres e dez actuacións, sen prexuízo doutras de menor entidade consonte ó orzamento dispoñible.

O programa estrutúrase en dúas fases: unha primeira de “actuacións preparatorias”, na que se seleccionarán os espazos, artistas e centros educativos, e outra segunda de execución dos murais ou outras expresións artísticas. A concellería de Patrimonio Histórico, previo asesoramento técnico, cursará as invitacións aos artistas seleccionados que se formalizarán a través da correspondente contratación, debendo o seleccionado cumprir cos requisitos que a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público esixe para contratar coa administración. A contratación estenderase a aqueles medios auxiliares necesarios para desenvolver os traballos.

O orzamento estimado para o desenvolvemento do programa é de 480.000 euros, en base a edicións anteriores, que se farán efectivos con cargo á partidas orzamentarias correspondentes ao orzamento municipal do 2026.

O prazo de execución da actuación de arrombamento será determinado en cada contrato correspondente.

Na base novena prevense causas específicas de resolución do contrato.

Tamén se prevé a cesión ó Concello dos dereitos de explotación das obras contratadas.

En canto á primeira fase, o procedemento de selección ven determinado no propio programa e, en canto a súa execución, estarase ó disposto na normativa reguladora da contratación das corporacións locais, constituída pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

En todo caso non é de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións e demais normativa reguladora das subvencións en canto o resultado da actividade de arrombamento da escena urbá por persoas suxeitas a dereito privado, non é de propiedade e utilización exclusiva do suxeito de dereito privado (artigo 2.3 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento de subvencións), senón que actuación conforma a paisaxe urbá, de propiedade colectiva.

O Concello é competente para desenvolver actuacións de rehabilitación da edificación, reforma interior dos barrios, mellora da súa habitabilidade, revitalización, recuperación e desenvolvemento en virtude das competencias que os artigos 25.2 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, atribúen ós municipios, en concreto a xestión e protección do patrimonio histórico e a promoción da cultura, así como o servizo de medio ambiente urbano.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local o seguinte:

1º.- APROBAR O DUODÉCIMO PROGRAMA PARA ARROMBAR CON CARÁCTER PROVISIONAL MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA.

2º.- APROBAR AS BASES QUE REXERÁN O DUODÉCIMO PROGRAMA PARA ARROMBAR CON CARÁCTER PROVISIONAL MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA, que son as que se transcriben de seguido:

XII PROGRAMA para arrombar con carácter provisional medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana

INTRODUCCIÓN

Co obxecto de mellorar a imaxe urbana da cidade durante o ano 2015 desenvolveuse o primeiro Programa de tratamento de medianeiras e paredes vistas con pintura e murais decorativos; ademais tiveron lugar unha serie de actuacións artísticas complementarias (mapping, actividades musicais, de danza urbana e outras de natureza similar).

Os artistas foron seleccionados segundo prevían as bases reitoras do programa, rexistrándose os datos dos interesados en participar, segundo solicitude recibida, e que achegaron a súa traxectoria profesional. Ademais o Programa contou cunha importante participación cidadá e coa colaboración de institucións educativas e asociacións culturais.

Dende o ano 2016 iniciouse unha liña de traballo de expresión artística aberto e plural, entendendo a cidade coma un lugar de disfrute e aberto á expresión artística, ofrecendo ao público un espectáculo único con diversidade de actuacións e exposicións efímeras. Coas intervencións do ano 2025 son xa máis de 100 as intervencións en espazos, entre medianeiras e muros, e ademais se consolida o carácter internacional do evento coa presenza de artistas consagrados da escena mundial.

Os criterios de selección dos espazos foron fixados polo Concello coa colaboración dunha comisión asesora: idoneidade da medianeira ou muro, a súa localización, o seu grao de

protección ou catalogación municipal e, por suposto, o interese da propiedade dos espazos escollidos que se manifestou previamente e por escrito ante o Concello.

O procedemento efectúase baixo os principios de participación pública, publicidade, concorrencia e obxectividade.

O programa correspondente á XII edición rexeráse polas seguintes

BASES

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do undécimo programa de tratamento de medianeiras, outros espazos urbanos deteriorados e actuacións de dinamización dos espazos públicos é:

- tratar con carácter provisional a través de pintura ou murais decorativos as medianeiras das edificacións, isto é, aquelas superficies verticais que se sitúan sobre lindeiros da parcela que non reúnen a condición de alíñación oficial e son cegas, así como aqueles paramentos exteriores cegos visibles dende a vía pública, verticais ou horizontais tanto de titularidade pública como privada, en tanto non se cubren segundo normativa urbanística ou a propiedade decide derrubala en exercicio das competencias urbanísticas.
- embelecer, decorar, tratar con expresións artísticas os espazos libres de titularidade pública ou privada co fin de mellorar a paisaxe urbana.
- expoñer e ademais difundir a obra de artistas urbanos representantes do novo arte contemporáneo.
- coa colaboración dos centros de ensino da cidade, decorar aqueles paramentos exteriores cos debuxos do alumnado que un equipo de traballo especializado, seleccionado pola concellería, dirixirá o seu traslado aos muros do centro.
- durante a fase de execución dos murais desenvolver en toda a cidade unha serie de actividades artístico-culturais: talleres de pintura na rúa, performances, actividades musicais ou calquera outra manifestación artística con recursos plásticos, lingüísticos ou sonoros.
- que a cidadanía poida desfrutar libremente das expresións do arte contemporáneo.

SEGUNDA.- FIN

A finalidade da convocatoria é contribuír ao proceso de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, mellorar a calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto da cidadanía e dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos nas súas diversas disciplinas coma o post graffiti, o pop surrealista, o comic e o muralismo.

Debe considerarse sempre o carácter provisional da intervención tanto pola propia definición de “medianeira” en relación coas previsións que o planeamento urbanístico abrangue para a parede a decorar, polo que poidera ser “tapada” a través de edificación, vexetación, incluso ser derrubada segundo calificación urbanística ou previsións da normas urbanísticas ou da ordenación do territorio, coma pola condición de efímera que caracteriza por definición esta



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

disciplina, sen perxuízo do compromiso da propiedade á non destrución da obra durante un tempo, habida contra da inversión a realizar polo Concello de Vigo no espazo seleccionado .

TERCEIRA.- ÁMBITO

Neste duodécimo programa, continuador dos celebrados nos anos anteriores, desenvolveranse entre sete e quince actuacións, sen prexuízo doutras de menor entidade consonte ao orzamento dispoñible.

O Concello resérvase o dereito de modificar os lugares elixidos para as actuacións se as necesidades de tramitación así o aconsellan.

Para a salvagarda do interese público, non será causa de modificación do contrato o cambio de espazo ou artista seleccionados ao longo do desenvolvemento do programa (incluso durante a tramitación do procedemento de contratación das obras) nas seguintes circunstancias:

- 1.- Que non implique alteración nas previsións económicas iniciais.
- 2.- Que non se trate dunha modificación substancial.

Nestes supostos deberase aportar ao expediente únicamente, e segundo o caso, o consentimento expreso do/a artista que renuncia, ou desistimento expreso da propiedade que renuncia e a aceptación expresa da propiedade do novo espazo seleccionado.

A comisión de selección ou a concelleira de Patrimonio histórico por invitación, serán quen de decidir o novo artista ou o novo espazo.

CUARTA.- PROGRAMA DA ACTUACIÓN

O programa estrutúrase en dúas fases:

Fase 1.- Actuacións preparatorias

1.1 Subfase de propostas dos espazos a tratar, colexios e institutos oficiais interesados no programa, artistas participantes.

- As bases aprobadas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia; unha vez publicadas, mediante anuncio na páxina web do Concello, www.vigo.org, e prensa local, abrirase un prazo de 10 días naturais, contados dende o día seguinte da súa publicación na prensa, para que a propiedade dos espazos, asociacións veciñais, culturais, sociais e, en xeral, calquera interesado poida formular propostas de espazos a tratar.

- Cando as propostas veñan subscritas pola propiedade dos inmobles deberán xuntar autorización da comunidade da propiedade que se inclúe como ANEXO I.

- A cesión dos espazos de propiedade privada para o Programa supón o compromiso por parte desta de manter a obra artística polo menos durante o prazo de garantía do tratamento de protección da pintura (verniz), aproximadamente seis anos, sen que a propiedade poida iniciar accións destinadas á desaparición da mesma, agás as circunstancias reflectidas na base

segunda; non obstante, a comunidade de propietarios ou a propiedade poderá realizar as reparacións necesarias por causas de salubridade (humidades) ou de seguridade, aínda que supoña a desaparición da obra. Nesta circunstancia comunicará xustificadamente ao departamento de Patrimonio histórico a necesidade de executar as accións que supoñan a afección ao debuxo executado, para os efectos de toma en consideración por esta.

-Durante o mesmo prazo de 10 días as institucións educativas interesadas en participar no programa, colexios e institutos, achegarán solicitude de participación que se relaciona como ANEXO II. A súa actuación axustarase ao espazo a tratar do propio centro educativo.

- Os/as artistas, ou grupos de artistas, relacionados coa creación artística contemporánea interesados en participar no Programa poderán achegar en calquera tempo xustificación da súa traxectoria profesional, que será considerada pola comisión técnica encargada de propor á concellería as invitacións oportunas para executar os traballos de decoración.

- As propostas irán dirixidas á concellería de Patrimonio Histórico a través da dirección de correo electrónico ofi.ph@vigo.org

1.2 Subfase de selección dos espazos a tratar, centros de ensino interesados no programa e artistas participantes.

1.2.1 Selección dos espazos

Unha comisión técnica, previo estudio da viabilidade das localizacións, propondrá á concellería os espazos a renovar de acordo cos seguintes criterios:

- que a medianeira, espazo horizontal, ou muro visibles dende o espazo público estea en axeitadas condicións de seguridade estrutural e estanquidade.
- viabilidade técnica dos traballos.
- interese espacial e urbano.
- existencia de elementos descontextualizados como cables, caixas de servizos, etc.
- medianeiras con gran impacto visual no conxunto do núcleo.
- interese arquitectónico da edificación e proximidade a edificacións de interese.
- constancia de servidumes que afecten ás medianeiras ou ao seu mantemento.
- ambiente urbano degradado.
- patios degradados de uso público das edificacións.

- A comisión será nomeada pola concellería de Patrimonio histórico e nela estarán representadas asociacións culturais da cidade, expertos en arte urbano e técnicos municipais especializados na conservación do patrimonio histórico.

- O réxime xurídico da comisión axustarase ás normas contidas na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, sen prexuízo das peculiaridades organizativas da administración local da que depende, o Concello de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

- A comisión poderá resolver calquera dúbida, imprevisto ou interpretación que se deriven das presentes bases.
- Á vista da proposta de selección, técnicos designados pola concellería emitirán informe acompañado de detallado reportaxe fotográfico, no que se describa o estado da medianeira en canto a súa seguridade, conservación, impermeabilidade e demais consideracións técnicas a ter en conta con carácter previo á intervención e que formará parte do proxecto que no seu caso autorice a Xunta de goberno local.
- As posibles propostas non seleccionadas pasarán a formar parte dun rexistro para, no seu caso, vindeiras edicións.

1.2.2 Selección de artistas

Os/as artistas seleccionaranse por invitación, baixo dúas modalidades:

- Aqueles artistas urbanos de recoñecido prestixio serán, no seu caso, invitados pola concellería de Patrimonio histórico.
- Artistas propostos á concellería pola comisión técnica, a cal, previo exame da súa traxectoria profesional, formulará a correspondente proposta de invitación. Para a selección dos artistas considerarase o rexistro creado na concellería de Patrimonio Histórico coas solicitudes de participación.
- A persoa gañadora do concurso Batalla Mural celebrado no marco da XI edición do programa de medianeiras, segundo as bases reguladoras da convocatoria da actividade (o primeiro premio consistira na participación como artista na seguinte edición do programa de medianeiras).

1.2.3 Selección dos colexios ou institutos

A comisión técnica propondrá á concellería de Patrimonio Histórico os centros educativos nos que se actuará, tendo en conta os que se teñan interesado en participar nesta edición; aqueles que participaron en edicións anteriores, agás excepción xustificada, quedarán excluídos da selección para a actual.

1.2.4 Características dos bosquejos/expresións artísticas

A concellería de Patrimonio histórico requirirá a cada artista un bosquejo a representar na medianeira seleccionada pola Comisión, con respecto en todo caso á creatividade do artista e á normativa urbanística.

Aínda que a temática será libre, fíxanse os seguintes criterios:

- nas zonas históricas priorizaranse os murais identitarios que relaten tanto a historia da cidade, as súas actividades, fontes de riqueza e aqueles aspectos que identifiquen á cidade, considerando sempre a normativa urbanística de aplicación, polo que as cores a empregar serán as autorizadas no planeamento correspondente ou segundo estudo de cores predominante nestas zonas.
- o resultado final no contexto do espazo a decorar.

- dificultades de mantemento.
- axuste ao presuposto máximo.
- prohíbese a representación de temáticas que constitúan apoloxía da violencia, obras de contido racista, sexista, xenófobo, obsceno ou calquera outro que atente contra a dignidade das persoas.

En relación coas propostas dos centros de ensino:

A dirección destes elixirá os cursos para que o alumnado realice un debuxo de temática libre. Un equipo de traballo especializado dirixirá os traballos de traslado dos debuxos aos muros do centro.

Fase 2.- Execución dos murais/proxectos artísticos

As invitacións para executar os tratamentos efímeros dos espazos con pintura, murais e demais expresións artísticas, formalizaranse a través da correspondente contratación, **na que se incluírá a aceptación destas bases reguladoras.**

O programa para intervir provisionalmente baixo as condicións urbanísticas os espazos, sexan muros, medianeiras ou solos, incluso as actuacións nas paredes dos colexios, abrangue a súa decoración sen que se poida estender á reparación dos muros, medianeiras ou calesqueira espazos danados.

O/a autor ou autores da pintura mural será a mesma persoa ou grupo de persoas que elaborou o bosquejo ou proxecto aprobado; os/as seleccionados deberán cumprir cos requisitos que a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público esixe para contratar coa administración e executar os traballos con absoluto respecto ás medidas de seguridade laboral e de ocupación, no seu caso, da vía pública e nas debidas condicións de seguridade, e no prazo que sinala a concellería.

A contratación estenderase a aqueles medios auxiliares necesarios para desenvolver os traballos: pinturas, andamios, escaleiras ... debendo a adxudicataria dos traballos de preparación da medianeira ou espazo libre dispor dun seguro de responsabilidade dos danos que se poidan causar a persoas ou bens.

QUINTA. - DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL

Os dereitos de explotación das obras contratadas serán cedidos ao Concello de Vigo, incluíndo os dereitos de reprodución, difusión e exhibición públicas, quen poderá facer uso deles en calquera das modalidades previstas no texto refundido da propiedade intelectual e sen outros límites que os establecidos nesta e noutras normas que resulten de aplicación. En ningún caso o Concello de Vigo esixirá nin obterá contraprestación económica no caso de uso propio ou cesión dos ditos dereitos a terceiros.

O prezo do contrato será o pago único pola cesión dos dereitos de propiedade intelectual, sen que proceda liquidación algunha pola posterior utilización dos dereitos cedidos.

As cesións dos dereitos de propiedade intelectual non terán o carácter de exclusivas, de xeito que o artista poder facer uso destes, sempre que non se prexudiquen os dereitos do Concello. De se realizar esta explotación o artista deberá mencionar a contratación por parte do Concello de Vigo dentro deste programa.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

En todo caso debe considerarse o carácter temporal das pinturas segundo normativa urbanística de aplicación de forma que, cando se constrúa ou derrube a edificación que soporta a pintura, non haberá lugar a indemnización algunha ao/á autor da mesma.

SEXTA. - DOCUMENTACIÓN

Fase 1.- Actuacións preparatorias

- Selección de espazos

A propiedade, asociacións veciñais, culturais, sociais, sociedades e en xeral calquera interesado pode formular propostas de espazos a tratar, sempre que sexan visibles dende as zonas públicas, e deberán achegar:

- emprazamento do espazo.
- fotografía actual.
- dimensións aproximadas.
- datos da propiedade.
- no caso de cesións de paredes de propiedade privada, autorización desta segundo ANEXO I.

- Selección de artistas

Os artistas interesados en participar achegarán :

- xustificación da súa traxectoria profesional.
- fotocopia do DNI (pasaporte do participante e, no seu caso, de cada un dos compoñentes do grupo).

Os artistas seleccionados deberán achegar, a requerimento do Concello de Vigo, toda a documentación necesaria para formalizar un contrato coa administración pública.

SÉTIMA.- OBRIGAS DOS PARTICIPANTES

Sétima.1 DOS ARTISTAS SELECCIONADOS

- Dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento da obra.
- Realizar a obra consonte ó bosquezo ou proxecto aprobado.
- Responder da autenticidade da obra, baixo a persoal responsabilidade da persoa que realice o bosquezo.
- Dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos que se poidan causar a persoas e bens durante a execución da obras.
- Executar a obra coas medidas de seguridade obrigatorias
- Presentar ao Concello de Vigo toda a documentación requirida por este para a formalización do contrato en tempo e forma.

Sétima.2 DA PROPIEDAD DOS ELEMENTOS A DECORAR

Asumir o compromiso para garantir no futuro o mantemento da pintura, da aparencia do edificio nunhas axeitadas condicións estéticas consonte coas obras executadas, polo menos durante o prazo de garantía do tratamento de protección da pintura (verniz), aproximadamente seis anos; non obstante, a comunidade poderá realizar as reparacións necesarias por causas de salubridade (humidades) ou de seguridade nos termos indicados na base cuarta.

Sétima.3 DA CONTRATISTA DOS TRABALLOS DE PREPARACIÓN DA MEDIANEIRA OU ESPAZO LIBRE

Segundo expediente de contratación das obras que se tramite ao efecto.

OITAVA.- FINANCIAMENTO

A cantidade destinada a este XII programa de tratamento de medianeiras, outros espazos urbanos deteriorados e outras actuacións de dinamización dos espazos públicos estímase en 480.000 euros, en base a edicións anteriores, que se farán efectivos con cargo á partidas orzamentarias correspondentes ao orzamento municipal do 2026.

NOVENA.- HONORARIOS DOS ARTISTAS

Os honorarios dos/as artistas virán determinados pola concellería de Patrimonio Histórico segundo a lexislación contractual, atendendo ás seguintes variables: a) a tipoloxía do espazo (muros, espazos horizontais ou medianeiras), b) a superficie total do espazo e c) a proxección/valoración do/a artista

DÉCIMA.- RÉXIME SANCIONADOR

Será causa específica de resolución do contrato co artista a actitude violenta ou falta de respecto dos artistas aos demais participantes ou asistentes. A rescisión poderá implicar a prohibición de participar en futuros programas durante un tempo que se determinará en función das circunstancias que concorran.

Será tamén motivos para a resolución:

- a. A realización de pinturas fora dos espazos designados polo Concello para este evento.
- b. A alteración das obras doutros participantes.
- c. O plaxio das obras doutros artistas.
- d. A non correspondencia das obras co seu bosquexo ou proxecto orixinal.

DISPOSICIÓNS FINAIS

A participación no programa supón a aceptación de todas as bases e estas formarán parte dos contratos que se deriven do mesmo. As actuacións serán gravadas e/ou fotografadas e poderán ser reproducidas e /ou expostas polo Concello.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

CONCELLERÍA
DE
PATRIMONIO
HISTÓRICO

CONCELLO DE VIGO



ANEXO I: AUTORIZACIÓN DA PROPIEDADE DA PAREDE

D.
no seu propio nome/en representación da comunidade de propietarios do inmovible sito
en
con DNI/pasaporte núm..... e enderezo electrónico a efectos de
notificacións (no caso
de representación da comunidade da propiedade, acompañarase **copia do nomeamento**)

autorizo ao Concello de Vigo para decorar con pintura, a través do *XII PROGRAMA para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana*, a parede/medianeira da súa propiedade, tal e como se recolle no acordo da xunta xeral da propiedade de data, do que se achega un exemplar. Ademais, a propiedade do inmovible sinalado ACEPTA o traballo artístico plasmado no espazo que se autorizou ao efecto e se compromete a impedir a súa eliminación por calquera membro da comunidade da propiedade polo menos durante o prazo de garantía do tratamento de protección da pintura (verniz), aproximadamente seis anos; de producirse esta situación, asume o compromiso de comunicarlle inmediatamente ao Concello de Vigo ou á persoa que ostente a súa representación, quen exercerá as accións oportunas; non obstante, a comunidade de propietarios ou a propiedade poderá realizar as reparacións necesarias por causas de salubridade (humidades) ou de seguridade, aínda que supoña a desaparición da obra. Nesta circunstancia comunicará xustificadamente ao departamento de Patrimonio histórico a necesidade de executar as accións que supoñan a afección ao debuxo executado, para os efectos de toma en consideración por esta; así mesmo, a propiedade manifesta que coñece as bases desta convocatoria e presta a súa conformidade ás mesmas.

O que asino en Vigo, o de de 20...

Sinatura

Concellería de Patrimonio Histórico

CONCELLERÍA
DE
PATRIMONIO
HISTÓRICO

CONCELLO DE VIGO



ANEXO II: SOLICITUDE DE CENTROS EDUCATIVOS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA (COLEXIOS E INSTITUTOS)

O centro educativo, colexio / instituto.....
e
actuando na súa representación,
don/dona.....
(especificar o cargo),
con DNI/pasaporte núm....., e con enderezo de correo electrónico a
efectos de notificacións,

solicito participación do citado centro no *XII PROGRAMA para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana*; así mesmo, o centro educativo manifesta que coñece as bases desta convocatoria e presta a súa conformidade ás mesmas.

En Vigo, o de de 20.....

Selo e sinatura

Concellería de Patrimonio Histórico



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

CONCELLERÍA
DE
PATRIMONIO
HISTÓRICO

CONCELLO DE VIGO



ANEXO III: DOCUMENTO DE AUTORIZACIÓN E COMPROMISO

D/Dña.....

con DNI..... , en nome propio e/ou representación (que acredito en documento anexo) do meu grupo, integrado por:

....., con DNI/NIF

....., con DNI/NIF

....., con DNI/NIF

.
.

autorizo ao Concello de Vigo para a publicación, reprodución ou distribución, total ou parcial, da obra seleccionada no *XII PROGRAMA para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana*, con renuncia expresa a calquera tipo de reclamación que poida derivarse e nos termos esixidos no Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

En Vigo, ode de 20.....

Sinatura

Concellería de Patrimonio Histórico

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(872).- PROPOSTA DE COMPENSACIÓN ECONÓMICA POR CESE DE PERSOAL INTERINO TRALO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL. EXPTE. 47211/220.

Visto o informe de fiscalización do 05/11/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/11/2025, asinado polo técnico de administración xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- En data 08/08/2025 (documento 250218389) M. Costas Sousa, DNI ***8805**, presenta escrito solicitando compensación económica por cese (como persoal interino) derivado do proceso de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, e máis concretamente:

"SOLICITA que, teniendo por presentado este escrito lo admita y, en su virtud, tenga por formalizada RECLAMACIÓN DE RECONOCIMIENTO DE DERECHO y CANTIDADES o, subsidiariamente, RECURSO DE REPOSICIÓN frente al acuerdo indicado en el encabezamiento de este escrito y, con estimación de lo alegado, reconozca el derecho del dicente a la percepción de una indemnización/compensación por importe equivalente a 33 días de salario por año trabajado o, subsidiariamente, la contemplada en el artículo 2.1 de la LMURT"

II.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 11 de xullo de 2025, no expediente 46628/220, acordou cesar como persoal interino a aquelas persoas que ocupaban as prazas de auxiliar de administración xeral, subgrupo C2, que foron executadas na oferta de emprego público de estabilización do Concello de Vigo, realizándose no mesmo acordo os respectivos nomeamentos como persoal funcionario de oito das aspirantes que superaron o proceso.

-Entre o persoal cesado atopábase o agora interesado, cuxo cese efectivo produciuse con data 03/08/2025.

III.- Segundo os datos que figuran nas aplicacións de persoal desta administración, e aos efectos dos antecedentes relacionados directamente co presente procedemento, consta que, o interesado foi nomeado como funcionario interino na categoría de Auxiliar de administración xeral (subgrupo C2) por acordo da Xunta de Goberno Local do 11/04/2019 e adscrito con efectos económicos e administrativos do 15/04/2019 ao posto Cód. 138 – Auxiliar Admón. Xeral, dotación 15.

IV.- Trala aprobación definitiva por acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/06/2020, da proposta contida no expediente no 33981/220, de modificación puntual da Relación de Postos de traballo, revisión de retribucións e red denominación de diferentes postos de traballo, por resolución da 3ª Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data 15/07/2020, en execución do citado acordo, resolveuse entre outros aspectos, a reconfiguración dos postos Códg. 138 "Auxiliar", adscritos a unidade organizativa 232, OFICINA ASISTENCIA REXISTRO E INFORMACIÓN, coa asignación



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

do CE 136 e a súa red denominación en “Auxiliar atención público-ventanilla”, códg 377, entre os que se atopaba o posto ocupado polo interesado e no que permaneceu ata a data do seu cese.

IV.- Consta a participación do interesado no proceso de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, nas prazas de auxiliar de administración xeral, subgrupo C2, sen que tivese superado o proceso selectivo e vendo finalizada a súa relación con esta administración segundo a documentación obrante no expediente 46628/220, o 03/08/2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I- Dereito a compensación económica por cese de persoal interino que non superou o proceso de estabilización do emprego temporal.

I.- O artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, dedicado aos procesos de estabilización de emprego temporal, establece no seu punto 6:

“Corresponderá una compensación económica, equivalente a veinte días de retribuciones fijas por año de servicio, prorrateándose por meses los periodos de tiempo inferiores a un año, hasta un máximo de doce mensualidades, para el personal funcionario interino o el personal laboral temporal que, estando en activo como tal, viera finalizada su relación con la Administración por la no superación del proceso selectivo de estabilización.

En el caso del personal laboral temporal, dicha compensación consistirá en la diferencia entre el máximo de veinte días de su salario fijo por año de servicio, con un máximo de doce mensualidades, y la indemnización que le correspondiera percibir por la extinción de su contrato, prorrateándose por meses los períodos de tiempo inferiores a un año. En caso de que la citada indemnización fuere reconocida en vía judicial, se procederá a la compensación de cantidades.

La no participación del candidato o candidata en el proceso selectivo de estabilización no dará derecho a compensación económica en ningún caso.”

Polo cal, esta indemnización corresponde unicamente aos funcionarios interinos que, estando nomeados á entrada en vigor da Lei 20/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, non superaran o proceso de estabilización e ven finalizada a súa relación coa administración.

No caso de funcionarios con un nomeamento posterior, seríalles de aplicación o establecido na Disposición adicional 17 do RDLEX 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, introducida polo artigo 1 da mesma Lei 20/2021, e de aplicación aos nomeamentos realizados dende a entrada en vigor da mesma, como indica a súa disposición transitoria 2ª.

No presente caso, tal e como se recollía nos antecedentes, o interesado foi nomeado como funcionario interina na categoría de Auxiliar de administración xeral (subgrupo C2) por acordo da Xunta de Goberno Local do 11/04/2019, e adscrito con efectos económicos e administrativos do 15/04/2019. Posto que posteriormente foi reconfigurado coa denominación “Auxiliar atención público-ventanilla”, códg 377, OFICINA ASISTENCIA REXISTRO E INFORMACIÓN,

Este é o último nomeamento como persoal interino que figura nesta administración por parte do interesado antes do seu cese.

-O interesado participou no proceso selectivo de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, nas prazas de auxiliar de administración xeral, subgrupo C2, sen que tivese superado o

proceso selectivo e sendo finalizada a súa relación con esta administración en data 03/08/2025, segundo a documentación obrante no expediente 46628/220.

-Como retribucións fixas mensuais do interesado, tomando como referencia a nómina do seu último mes completo nesta administración (xullo 2025) resultaría:

- retribucións fixas brutas: 2.030,41 euros.
- prorrateo pagas extras: 337, 24 euros.

- RETRIBUCIÓN TOTAL A EFECTOS DE CÁLCULO DA COMPENSACIÓN: 2.367,65 euros.

-Data de inicio: 15/04/2019

-Data de cese: 03/08/2025

-O que supón unha retribución total a favor da interesada de **9859,80 euros**, conforme ao cálculo establecido no artigo 2.6 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que é a normativa aplicable.

Polo tanto, procede estimar a solicitude que de xeito subsidiario recolle na petición do seu escrito conforme ao establecido no citado artigo.

II.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- *a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

III. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 26/09/2025).

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude presentada por M. Costas Sousa, DNI ***8805** (documento 250218389), conforme aos antecedentes e fundamentos xurídicos expostos, con respecto á petición subsidiaria de recoñecer a favor do interesado o pago da cantidade de 9.859,80 euros, en concepto de compensación económica polo seu cese como persoal interino trala celebración e non superación do proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Vigo.

Debendo imputarse o gasto á aplicación orzamentaria 9200.1400000 dos vixentes Orzamentos Municipais, nos termos do indicado no preceptivo informe de fiscalización previa do gasto.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución ao interesado, Intervención xeral e Tesourería-Nóminas aos efectos procedentes.

TERCEIRO.- Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(873).- PROPOSTA DE COMPENSACIÓN ECONÓMICA POR CESE DE PERSOAL INTERINO TRALO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL. EXPTE. 47338/220.

Visto o informe de fiscalización do 07/11/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/11/2025, asinado pola técnica de administración xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 31/05/2022, acordou aprobar a oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade nas Administracións Públicas, consonte aos informes emitidos no expediente nº 39.998/220 (Publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) de data 31/05/2022 e no Diario Oficial de Galicia (DOG) de data 08/06/2022).

A convocatoria e bases xerais dos referidos procesos selectivos, foron aprobadas en sesión de Xunta de Goberno Local de data 23/12/2022 (BOPPO de data 30/12/2022) e as bases específicas dos procesos selectivos das prazas ofertadas polo sistema selectivo de concurso foron aprobadas polo mesmo órgano por acordo de data 19/05/2023 (BOPP de data 31/05/2023), entre as que se atopaban a seguinte praza de persoal funcionario do grupo E (persoal funcionario):

- 7 prazas de ordenanza porteiro

II.- Por acordo de XGL de data 11/07/2025 acordouse o seu cese como persoal interino ao non superar o proceso selectivo derivada da oferta de emprego público de estabilización (expte 46733-220) . Así o punto primeiro do referido acordo acordou:

“Cesar como funcionarios interinos a:

...

- J. Tato Pérez, con nº de persoal 79563, como funcionaria interina. Dotación 42”

III.- Segundo os datos que obran na área de RRHH e Formación, a solicitante foi nomeada como funcionaria interina dende o día 05/05/2021, por acordo da Xunta de Goberno Local do 29 de abril de 2021, con cargo as prazas vacantes incluídas na oferta de emprego público correspondente ao ano 2020 como Subalterna (expte 37320-220), cunha retribución bruta mensual de 2.064,06 euros, incluído rateo de pagas extras.

IV.- No expediente 41758-220 “Bases específicas dos procesos de estabilización do emprego temporal no concello de Vigo-sistema selectivo de concurso de méritos”, consta no trámite 167 que se remitiu a Sra. Tato Pérez a seguinte dilixencia:

“Por medio da presente infórmase de que, en data 20.02.2024, remitiuse ao Boletín Oficial do Estado (BOE) o anuncio da convocatoria do proceso selectivo da praza que vostede vén ocupando de forma temporal ou interina, ao estar esta incluída no proceso de estabilización de emprego temporal que se convoca neste concello ao abeiro da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

As/Os interesadas/os en participar no citado proceso selectivo deberán presentar a correspondente instancia e documentación no prazo de vinte (20) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE.”

A recepción da mesma consta en data 21/02/2024 (trámite 392 do referido expte)

V.- Consta no expediente 43796-220 que o Sra. Tato Pérez participou no proceso selectivo de estabilización da praza de ordenanza porteiro.

VI.- O día 05/09/2025, o Sra. Tato presenta escrito con nº de doc.- 250237310 solicitando o pagamento da compensación económica polo cesamento tras non ter superado o proceso d e estabilización.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- O artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, dedicado aos procesos de estabilización de emprego temporal, establece no seu punto 6:

“ Corresponderá una compensación económica, equivalente a veinte días de retribuciones fijas por año de servicio, prorrateándose por meses los periodos de tiempo inferiores a un año, hasta



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

un máximo de doce mensualidades, para el personal funcionario interino o el personal laboral temporal que, estando en activo como tal, viera finalizada su relación con la Administración por la no superación del proceso selectivo de estabilización.

En el caso del personal laboral temporal, dicha compensación consistirá en la diferencia entre el máximo de veinte días de su salario fijo por año de servicio, con un máximo de doce mensualidades, y la indemnización que le correspondiera percibir por la extinción de su contrato, prorrateándose por meses los períodos de tiempo inferiores a un año. En caso de que la citada indemnización fuere reconocida en vía judicial, se procederá a la compensación de cantidades.

La no participación del candidato o candidata en el proceso selectivo de estabilización no dará derecho a compensación económica en ningún caso."

Polo cal esta indemnización corresponde unicamente aos funcionarios interinos, que estando nomeados á entrada en vigor da Lei 20/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, non superara o proceso de estabilización. No caso de funcionarios con un nomeamento posterior, seríalles de aplicación o establecido na Disposición adicional 17 do RDLEX 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, introducida polo artigo 1 da mesma Lei 20/2021, e de aplicación aos nomeamentos realizados dende a entrada en vigor da mesma, como indica a súa disposición transitoria 2ª.

No presente caso, como consta no antecedente IV de este informe, a Sra. Tato estaba nomeada con data anterior a entrada en vigor da lei 20/2021 polo que corresponde a compensación económica prevista no artigo 2.6 da referida norma.

II.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

"1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones."*

III. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía do 28/06/2024 e 28/10/2025 e Acordo da Xunta de Goberno Local do 26/09/2025).

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar, en base aos antecedentes de este informe, a solicitude presentada pola Sra. Sra. Tato (nº de doc.- 250237310), abonando a cantidade de 5.768,05 euros en concepto da compensación económica prevista no artigo 2.6 da Lei 20/2021.

Debendo imputarse o gasto á aplicación orzamentaria 9200.1400000 dos vixentes Orzamentos Municipais, nos termos do indicado no preceptivo informe de fiscalización previa do gasto.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución ao interesado e a intervención aos efectos procedentes.

TERCEIRO.- Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(874).- LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCESO DE PROVISIÓN DO POSTO DE “XEFE/A DO SERVIZO DE CONTABILIDADE XERAL”. EXPTE. 1915/1102.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/11/2025, asinado pola secretaria de Goberno local e conformado pola concelleira delegada de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 8 de agosto de 2025 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras da provisión do posto de Xefe/a do servizo de Contabilidade Xeral mediante o sistema de concurso específico. No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto .

En data 20 de agosto de 2025 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 157 as bases que rexe a convocatoria.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

En data 9 outubro de 2025 publicouse no Diario Oficial de Galicia núm. 195 extracto da convocatoria.

En data 18 de outubro de 2025 publicouse no Boletín Oficial del Estado núm. 251 anuncio da convocatoria polo cal procedeuse a apertura do prazo de presentación de instancias.

En data 7 de novembro de 2024 rematou o prazo de presentación de instancias durante o cal, segundo consta no expediente, presentáronse os seguintes aspirantes

ASPIRANTE

DNI

OSCAR MIGUEL VEGA ANDION

3292*

SANDRA BUENO REY

1249*

De conformidade coa cláusula terceira das bases da convocatoria procede aprobar as lista provisional de admitidos e excluídos, polo que trala revisión das solicitudes e documentación presentadas, fórmulase a seguinte a **PROPOSTA**

PRIMEIRO.- Prestar aprobación a lista provisional de admitidos e excluídos no procedemento de provisión do posto de Xefe/a do servizo de Contabilidade Xeral

ADMITIDOS

ASPIRANTE	DNI
OSCAR MIGUEL VEGA ANDION	**3292***
SANDRA BUENO REY	**1249***

EXCLUÍDOS

NINGÚN

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos e páxina web do Concello.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Expediente de contratación do subministro de elementos necesarios (compra de material e aluguer de maquinaria) para a execución das obras a realizar nos programas de emprego. Expte. 21391/77.
- .- Expediente de contratación dos servizos de axencia de viaxes para a xestión de reservas e organización da viaxe dos membros da delegación que se despracen a Madrid con motivo da Feria Internacional de Turismo, FITUR 2026. Expte. 8894/104.
- .- Proxecto de convenio de colaboración coa asociación VODEA para a cooperación e colaboración nos eventos relacionados coa campaña do Nadal 2025-2026. Expte. 11443/106.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

12(875).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ELEMENTOS NECESARIOS (COMPRA DE MATERIAL E ALUGUER DE MAQUINARIA) PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS A REALIZAR NOS PROGRAMAS DE EMPREGO. EXPTE. 21391/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 11/11/2025 e o informe de fiscalización do 12/11/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/11/2025, asinado pola xefa de Desenvolvemento local e conformado polo concelleiro delegado de Área, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 11 de febreiro de 2025, a Quinta tenente de Alcalde e Concelleira de área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas asinou a orde de iniciar o expediente de “CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAL E ALUGUER DE MAQUINARIA PARA AS OBRAS DOS PROGRAMAS DE EMPREGO”.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

- o Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato asinados pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e pola Quinta tenente de Alcalde e Concelleira de área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.
- o Certificados de existencia de crédito de data 19/03/2025 (RC núm. 12025000027227, 12025000027224, 12025000027225, 12025000027226, e RC_FUT núm. 12025000027228, 12025000027231, 12025000027235, 12025000027236).
- o Memoria económica do contrato, asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e pola Quinta tenente de Alcalde e Concelleira de área de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude en data 29/10/2025.
- o Memoria xustificativa do contrato, cos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e pola Quinta tenente de Alcalde e Concelleira de área de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude en data 29/10/2025.
- o Declaración de redactor do prego de prescricións técnicas particulares asinada polo arquitecto técnico do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local en data 31/10/2025.

- o Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, asinado polo arquitecto técnico do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local en data 31/10/2025.
- o Informe do servizo de contratación, asinado pola xefa do servizo de Contratación de data 4/11/2025.
- o Prego de cláusulas administrativas asinado en data 10/11/2025 pola xefa do servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia consta delegada por Resolución da Alcaldía do 19/06/2023 de Delegación de competencias e estrutura da Administración, modificada o 25/09/2025 e Resolución da Alcaldía do 21/06/2023 aprobando a delegación de competencias xenéricas en concelleiros e concelleiras de área de Goberno e concelleiros delegados do Concello de Vigo modificada o 25/09/2025, e acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 e posteriores modificacións por acordo de 28 de xullo de 2023, 8 de marzo de 2024, 28 de xuño de 2024, 13 de xuño de 2025 e de 25 de setembro de 2025 aprobando a delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e concelleiros delegados, polo que a Concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, autorizou o pasado día 11 de febreiro de 2025 o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo arquitecto técnico do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa de servizo de Contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se emitirá polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

1º. Aprobar o expediente de contratación (21391-77) por procedemento aberto do “SUBMINISTRO DE ELEMENTOS NECESARIOS (COMPRA DE MATERIAL E ALUGUER DE MAQUINARIA) PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS A REALIZAR NOS PROGRAMAS DE EMPREGO”.

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 31 de outubro de 2025 e o prego de cláusulas administrativas de 10 de novembro de 2025, que rexerán a contratación do “SUBMINISTRO DE ELEMENTOS NECESARIOS (COMPRA DE MATERIAL E ALUGUER DE MAQUINARIA) PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS A REALIZAR NOS PROGRAMAS DE EMPREGO”.

3º. Aprobar o gasto de 101.999,47 € para a contratación do “SUBMINISTRO DE ELEMENTOS NECESARIOS (COMPRA DE MATERIAL E ALUGUER DE MAQUINARIA) PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS A REALIZAR NOS PROGRAMAS DE EMPREGO”, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Lotes	Aplicación orzamentaria
Lote 1: Materiais de construción, formigóns, morteiros e outros	2410 210 0000
Lote 3: Materiais para útiles e consumibles	2410 213 0000
Lote 2: Materiais para pavimentos, aplacados e aparatos sanitarios	2410 212 0000
Lote 4: Materiais para carpintería de madeira	
Lote 5: Materiais para carpintería de aluminio	
Lote 6: Materiais para fontanería e saneamento	
Lote 7: Materiais para electricidade	
Lote 8: Aluguer de maquinaria	2410 203 0000

dos orzamentos do Concello de Vigo dos anos 2025 e 2026, distribuíndose do seguinte xeito:

Lote	2025	2026	2027	Total
Lote 1	3.220,07 €	19.320,42 €	16.100,35 €	38.640,84 €
Lote 2	432,42 €	2.594,50 €	2.162,08 €	5.189,00 €
Lote 3	666,47 €	3.998,84 €	3.332,37 €	7.997,68 €
Lote 4	564,34 €	3.386,02 €	2.821,68 €	6.772,04 €
Lote 5	704,61 €	4.227,66 €	3.523,05 €	8.455,32 €
Lote 6	466,73 €	5.600,74 €	5.134,01 €	11.201,48 €
Lote 7	405,98 €	4.871,73 €	4.465,75 €	9.743,46 €
Lote 8	583,32 €	6.999,82 €	6.416,50 €	13.999,64 €

Lote	2025	2026	2027	Total
Total	7.043,93 €	50.999,74 €	43.955,80 €	101.999,47 €

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(876).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZOS DE AXENCIA DE VIAXES PARA A XESTIÓN DE RESERVAS E ORGANIZACIÓN DA VIAXE DOS MEMBROS DA DELEGACIÓN QUE SE DESPRACEN A MADRID CON MOTIVO DA FERIA INTERNACIONAL DE TURISMO, FITUR 2026. EXPTE. 8894/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 07/11/2025 e o informe de fiscalización do 11/11/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 07/11/2025, asinado pola xefa de Turismo e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, foi asinada 09/07/25.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

- Memoria económica de data 09/10/25, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP, en base ós prezos facturados na pasada edición da feira Fitur para o mesmo tipo de servizos nos anos precedentes para levar a cabo o obxecto de presente contrato e facendo un cálculo do custo medio.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
 - Retención de crédito de data 13/10/25 (Nº operación 136624)
 - Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 14/10/25
 - Memoria xustificativa de data 03/11/ relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - A xustificación do procedemento aberto simplificado abreviado (art. 159.6 da LCSP), dado que o seu valor estimado é inferior a 60.000 euros e carece de criterios de adxudicación avaliábeis mediante xuízo de valor (Art. 159.1,b)
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da elección co único criterio de adxudicación do prezo (artigo 146.1 LCSP)
 - Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 03/11/25
- Prego de Cláusulas administrativas particulares asinado polo servizo de contratación de data 07/11/25

Fundamentos de dereito

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iníciase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No Concello de Vigo esta competencia está delegada por Resolucións da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de área de goberno e nos concelleiros delegados de data 19, 28 e 30 de xuño de 2023 e posterior de 28/06/24 e

25/09/25 na que así mesmo estableceuse o número , denominación e competencias das áreas de goberno e concellería delegadas nas que se estrutura a administración municipal. A Concelleira delegada de Turismo mediante resolución de 09/07/25 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de servizo (art. 17 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto co un único criterio de adxudicación, baixa proporcional única a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G desta FEC

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP, o criterio de adxudicación (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Noveno.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª .4 LCSP)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Primeiro: Aprobar a tramitación ordinaria do expediente de contratación a través de procedemento aberto de PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXENCIA DE VIAXES PARA A XESTIÓN DE RESERVAS E ORGANIZACIÓN DA VIAXE DOS MEMBROS DA DELEGACIÓN QUE SE DESPRACEN A MADRID CON MOTIVO DA FEIRA INTERNACIONAL DE TURISMO, FITUR 2026.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 14/10/25 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 07/11/25

Tercero: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 37.802,58€ con iva, sendo o IVE (tipo 10% e 21%) 3.843,42€

O contrato financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 4320.227.9900 “Organización e loxística de Feiras” do programa orzamentario do servizo de Turismo.

Co seguinte desglose de anualidades (incluído IVE):

- Ano 2025: 7.560,58 €
- Ano 2026: 30.242€

Quinto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(877).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN VODEA PARA A COOPERACIÓN E COLABORACIÓN NOS EVENTOS RELACIONADOS COA CAMPAÑA DO NADAL 2025-2026. Expte. 11443/106.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 13/11/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 13/11/2025, asinado polo xefe do Servizo de

comercio e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O plan de Protección de Iluminación do Nadal 2025-2026 de Vigo, redactado por Pedro Murciego Delgado, técnico superior en Prevención de Riscos Laborais establece, entre outros, a intervención nos distintos actos dun equipo de voluntarios.

II.- En relación cos medios propios do Concello de Vigo unha vez emitidos informes polo xefe de Área de Seguridade e a Oficina municipal do Voluntariado, que constan no expediente, os mesmos non cobren a totalidade das necesidades contempladas no PAU

III.- En data 11.11.2024 o concelleiro da Área de goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais resolveu:

“PRIMEIRO.- Incoar o expediente de aprobación do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VODEA para establecer o marco de cooperación e colaboración nos eventos relacionados coa Campaña do Nadal 2025-2026 entre o Concello e a Asociación Vodea, segundo necesidades do centro xestor, mediante a organización con persoal voluntario da asociación de dispositivos operativos de carácter preventivo segundo o establecido no Plan de Autoprotección. (...)”

IV.- En dta 13/11/2025 asínase polo xefe do Servizo de Comercio, así como polo concelleiro da Área de goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, a memoria xustificativa e a proposta de convenio.

V.- Pola mercantil VODEA achegouse a documentación necesaria para a suscripción do convenio (certificados de non ter débedas, inscrición rexistro, seguro, etc) que consta no expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das facendas xocais.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo.

II.- Convenio

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público con suxeitos de dereito privado para un fin común atópase prevista nos artigos 47 da Lei 40/2015 LRXSP. O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O obxecto do convenio é establecer o marco de cooperación e colaboración nos eventos relacionados coa Campaña do Nadal 2025-2026 entre o Concello e a Asociación VODEA mediante a organización con persoal voluntario da asociación de dispositivos operativos de carácter preventivo segundo o establecido no Plan de Autoprotección para “equipos de voluntarios”.

O artigo 25.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local determina que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e conforme, ao parágrafo segundo de dito artigo, o municipio exercerá competencias propias e, entre outras, en materia de promoción da cultura, da actividade turística de interese e ámbito local e ocupación do tempo libre.

III.- Procedemento e competencia

Consta no expediente de aprobación do convenio, os documentos necesarios achegados pola Asociación VODEA así como a orde de inicio, a memoria xustificativa do convenio e texto do mesmo debendo incorporase informe xurídico da Secretaría de administración local (en base á atribución do asesoramento xurídico no servizo de comercio), competencias delegadas por no Secretario do Pleno po resolución da concellería da Área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 12/11/2025, e informe da Intervención Xeral.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de Transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

De conformidade co anteriormente exposto, e previos informes xurídico e de fiscalización referidos, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VODEA (CIF G27861061) a fin de establecer o marco de

cooperación e colaboración no programa de intervención de voluntariado nos eventos relacionados coa Campaña do Nadal 2025-2026, que se transcribe como anexo a este acordo.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto por importe de 24.696 euros (vinte e catro mil seiscientos noventa e seis euros), IVE INCLUÍDO, distribuíndose en dúas anualidades correspondéndolle o importe de 19.756,80 euros (dezanove mil setecentos cincuenta e seis con oitenta euros), 80% do total, á anualidade de 2025 e o importe de 4.939,20 euros (catro mil novecentos trinta e nove con vinte euros), o 20% do total, á anualidade de 2026 con cargo a partida orzamentaria 4310 2279901.

TERCEIRO.- Publicar o convenio no portal de transparencia segundo o artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de transparencia, acceso e información pública e bo goberno

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VODEA

Na Casa do Concello de Vigo,

de dous mil vinte e cinco

REUNIDOS

Dunha parte, D. Angel Rivas González, concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais do Concello de Vigo, CIF P3605700H, con enderezo na Praza do Rei, s/nº Vigo, en virtude das atribucións que lle confire o artigo co artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local e en virtude dos Decretos de delegacións competenciais da Alcaldía de data 20/06/2023, e posterior corrección de data 28/06/2024 (BOPPO nº 133, de data 09/07/2024) e acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión extraordinaria e urxente de data 28/06/2024 (BOPPO nº 134, de data 10/07/2024), modificadas por acordo da XGL de data 13/06/2025, 26/09/2025 e 7/11/2025, en adiante Concello.

Doutra, D. Juan Manuel García Mallo, como presidente da Asociación VODEA, CIF G27861061, e enderezo social na Bolivia, 16, planta 3, porta A, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da documentación que figura no expediente 11443/106.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

MANIFESTAN

I.- O artigo 25.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local determina que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e conforme o parágrafo segundo de dito artigo o municipio exercerá competencias propias e, entre outras, en materia de promoción da cultura, da actividade turística de interese e ámbito local e ocupación do tempo libre.

II.- A Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais do Concello de Vigo ten entre os seus principais obxectivos, a través do servizo de Festas Especiais, a programación de festas tradicionais e acontecementos que supoñan manifestacións de valores culturais, históricos e sociais e de tradición popular, con especial consideración das súas características etnolóxicas. Estes eventos revisten unha especial importancia como elementos socializadores e de atractivo turístico, fomentando a dinamización do comercio local e contribuíndo ao movemento económico e a difusión da marca de cidade de Vigo.

III.- A Festividade de Nadal do municipio de Vigo é dos eventos máis importantes xerador de atractivo turístico-comercial do ano en Vigo e de recoñecida tradición na cidade. A dinamización e ambientación das zonas comerciais da cidade nestas datas constitúen elementos clave que contribúen ao impulso da economía, xerando un atractivo que potencia indubidablemente o sector turístico e de ocio. Durante os últimos anos, o Nadal olívico estase a consolidar como unha festa de recoñecido prestixio nacional e internacional. A aposta do goberno local pola Campaña de Nadal e o seu posterior impacto nos medios de comunicación converteuse nun factor de atracción de visitantes inédito, incrementándose ano a ano o número de viaxeiros, como se pode constatar nos diferentes rexistros dos organismos oficiais. A creación dun espazo temático propio con iluminación, ornamentación, exposicións e actividades de ocio e comercialización constitúe un pilar fundamental do Nadal olívico, baseado na mestura de tradición, socialización e reactivación da economía local, que estende o seu impacto á área metropolitana da cidade e norte de Portugal.

IV.- O Plan de Autoprotección para Campaña do Nadal 2025-2026, redactado pola empresa Preventecnia, prevé a intervención de persoal voluntario para facilitar o desenvolvemento deste. Solicitada a colaboración co servizo de Protección Civil e co servizo de Voluntariado do Concello de Vigo, o xefe da Área de Seguridade e a Oficina Municipal do Voluntariado informaron respecto dos medios humanos dispoñibles, non sendo os mesmos suficientes para cumprir co requirido polo Plan de Autoprotección.

V.- A Asociación VODEA rexistrada desde o 26 de novembro de 2018 no rexistro municipal de asociacións do Concello de Vigo (1349-18), no rexistro xeral da Xunta de Galicia (2018/022558) e rexistro de acción voluntaria da Xunta de Galicia (Ou-878) (expediente B6505A 2019/20-5) ten entre os seus fins:

1. Colaborar coas administracións públicas e privadas no ámbito das súas respectivas competencias para promover a participación da cidadanía en actividades formativas, preventivas, divulgativas e participativas en materia de seguridade.
2. A prevención e defensa do medio ambiente coa finalidade de contribuír a protexer a vida das persoas, os bens e a nosa contorna natural.

3. Subscribir acordos de colaboración e participación con calquera entidade privada, Concellos, Deputacións, Comunidades ou calquera dos seus órganos administrativos, para o desenvolvemento de actividades de vixilancia, de seguridade e para a relación de toda clase de eventos ou actividades nas que a asociación, a través dos seus voluntarios, e empregando os seus medios ou os de terceiros, poidan prestar os servizos que se lle asignen.

VI.- Que, con este motivo o Concello e Asociación teñen interese en colaborar conxuntamente nos eventos relacionados coa Campaña do Nadal 2025-2026 e co fin de determinar o contido desta colaboración, ambas partes, de común acordo, declaran a súa vontade de subscribir o presente convenio conforme o artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, de acordo cos seguintes:

PACTOS

PRIMEIRO.- O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de cooperación e colaboración nos eventos relacionados coa Campaña do Nadal 2025-2026 entre o Concello e a Asociación VODEA mediante a organización con persoal voluntario da asociación de dispositivos operativos de carácter preventivo segundo o establecido no Plan de Autoprotección para “equipos de voluntarios”

SEGUNDO.- OBRIGAS E COMPROMISOS ECONÓMICOS

O Asociación VODEA comprométese

1. A colaborar nos distintos eventos relacionados coa Campaña do Nadal 2025-2026, en función das necesidades do centro xestor, que a continuación se relacionan, mediante un equipo de voluntarios con coñecementos e formación en atención sanitaria e xestión de masas e un coordinador, realizando as tarefas que determina o Plan de Autoprotección:
 - **Acto de acendido**, previsto para o vindeiro 15 de novembro de 2025, suxeito a posible modificación, que será comunicada coa antelación suficiente para a efectiva organización dos voluntarios. Para o acto de acendido precísanse un mínimo de 40 voluntarios.
 - **Acto de clausura** (nunha data por determinar no mes de xaneiro), suxeito a posible modificación, que serán comunicada coa antelación suficiente para a efectiva organización dos voluntarios.

Resto dos días nos que se desenvolverá a Campaña do Nadal. Precisarase un mínimo de 17 voluntarios os días de alta afluencia.
2. A achegar unha proposta de organización do servizo que será supervisada polo coordinador do Plan de Autoprotección
3. Os voluntarios irán debidamente identificados para ser recoñecidos facilmente, mediante a uniformidade, chalecos de alta visibilidade..., cuxo deseño será conformado polo centro xestor.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1978/1102

4. Os membros do equipo comunicarán ao coordinador do equipo calquera emerxencia ou situación anómala que podan observar na súa zona: emerxencia médica, incendio, ameaza de bomba, nenos perdidos, comportamentos antisociais...
5. Queda prohibido o consumo de bebidas alcohólicas por parte dos voluntarios de protección que estean de servizo, e polo tanto cargar na conta das dietas o consumo de calquera elemento etílico, independentemente das consecuencias disciplinarias as que poda dar a lugar esta situación

O Concello de Vigo comprométese a

1. Efectuar unha achega económica ata un máximo de 24.696 euros (vinte e catro mil seiscientos noventa e seis euros), IVE INCLUÍDO, distribuíndose en dúas anualidades correspondéndolle o importe de 19.756,80 euros (dezanove mil setecentos cincuenta e seis con oitenta euros), 80% do total, á anualidade de 2025 e o importe de 4.939,20 euros (catro mil novecentos trinta e nove con vinte euros), o 20% do total, á anualidade de 2026 con cargo a partida orzamentaria 4310 2279901. A os efectos do presente convenio determínase como dieta a percibir por día de servizo e voluntario un importe de máximo de 36 euros. A xornada máxima diaria do voluntario tería o seguinte horario:
De 17:30 h a 22:00 h.
Os servizos demandaranse en función das necesidades deste centro xestor de Comercio.
O día do acto de acendido precisarase un mínimo de 40 efectivos. Nos restantes días incluídos no período de desenvolvemento da Campaña do Nadal establécese un mínimo de entre 17 os días de alta afluencia.
2. Aos efectos de cobro de dietas deberá achegarse por parte da Asociación conta xustificativa asinada polo coordinador do servizo e conformada polo presidente da asociación, que será supervisada polo xefe do Servizo de Comercio. Achegaranse igualmente partes diarios de asistencia de cada un dos voluntarios que participen en cada un dos operativos .
3. Colaborar en caso de risco ou emerxencia co servizo de Policía Local ou servizo de extinción de incendios.
4. Facilitar o plan de autoprotección.

TERCEIRO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.-

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, un dos cales terá carácter técnico. Así mesmo, formará parte da mesma o técnico redactor do Plan de Autoprotección.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase de entre os membros do Concello de Vigo ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

CUARTO.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio de colaboración terá un prazo de vixencia dende a data da súa sinatura e ata 31 de xaneiro de 2026.

QUINTO.- RESOLUCIÓN

O Convenio poderá resolverse en virtude das seguintes causas:

1. Pola finalización do período estipulado para a súa vixencia.
2. Por mutuo acordo das partes.
3. Polo incumprimento por algunha das partes de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
4. Por denuncia dalgunha delas, que deberá ser comunicada cun preaviso de tres meses.

No suposto de extinción do Convenio, as accións específicas concertadas ao abeiro da mesma seguiranse desenvolvendo na forma, condicións e prazos previstos ata o seu total cumprimento.

SEXTO. - JURISDICCIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa. Será competencia exclusiva dos órganos do orde xurisdiccional contencioso-administrativo a resolución das controversias e litixios a que dera lugar o cumprimento do presente convenio.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

15(878).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo intervencións neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez